

PROBLEMATICA NACIONAL E COLONIALISMO. O CASO GALEGO.

Francisco Rodríguez
Ramón L. Suevos

INDICE

	PAX
I. Problemas teóricos do nacionalismo	5
I.1. Nación e clases sociais	7
I.2. O dereito de autodeterminación	17
I.3. O por qué do enfrentamento entre nacionalismo popular e capitalismo imperialista ..	25
I.4. A liberación nacional, fase necesaria pra o socialismo	31
I.5. Tipos de opresión nacional	41
a) A opresión política	41
b) A opresión cultural	44
c) A opresión económica: as colonias	52
II. O fenómeno colonial no mundo	57
II.1. A formación dos Estados modernos europeos	59
II.2. O imperialismo europeo e as colonias de ultramar	65
II.3. O neocolonialismo	69
II.4. O colonialismo na Europa Occidental	73
III. O problema galego	87
III.1. A caracterización nacional de Galicia: a teoría do nacionalismo galego onte e hoxe ..	89
III.2. A opresión nacional en Galicia: a opresión económica	99
III.3. A opresión política	105
III.4. A opresión cultural	115
III.5. Alternativas políticas	123
III.6. Galicia no Estado Español e máis en Europa	131

I. PROBLEMAS TEORICOS DO NACIONALISMO

I.1. Nación e clases sociais

No mundo capitalista estamos acostumados a manexar e recibir unha teoría abstracta do concepto nación, elaborada ao longo do ascenso da burguesía ao poder. Este concepto de nación artículase ao marxen das condicións de clase, de espacio e tempo. Aparece, entón, como un desenvolvemento progresivo da idea, que vai perfeccionando a historia da humanidade cara fases cada vez máis perto do mundo ideal. A identificación da nación cun proxecto histórico dunha determinada clase social, ao que, non obstante, se considera un paso adiante ideal no desenvolvemento da humanidade, culmina en Hegel na súa confusión co término Estado. Precisamente, desta confusión, idealista, aclasista, esencialista, deriva o fascismo e máis o nazismo, e así como as diversas formas de imperialismo. Por outra banda, as nacións que non consiguen ter Estado propio, ou ben que están nunha fase determinada de desenvolvemento económico, social e político, son consideradas inferiores, os chamados pobos sin historia, fronte ás que teñen Estado propio ou se amosan en tránsito a estadios económicos e sociais "adiantados", que son consideradas nacións superiores, pobos con historia. Veleiquí, en

síntesis, os prexuícios racistas, antimaterialistas, que latexan na concepción burguesa da nación.

Contra desta concepción, a visión materialista da nación afirmase na súa realidade, na súa existencia, máis tamén na súa historicidade. Isto é, a nación está sometida a transformacións no seu contido, ao longo do tempo. Polo tanto, o concepto materialista de nación é antiesencialista e fundamento histórico. De non coller esta mecánica de análise e de interpretación, favorécense sempre as posicións máis reaccionarias, pois, ao facermos abstracción das condicións concretas, sancionamos o existente como único real. Polo contrario, debemos analizar as situacións concretas, vendo a realidade na súa dialéctica, na súa transformación, na súa perspectiva de futuro. O concepto histórico e antiesencialista está baseado en datos observables, empíricos, e máis en datos socioeconómicos. Noutras verbas, nación é unha estrutura económico-social específica e máis unha superestructura artístico-cultural específica. Estes datos son palpexables. Demostrables na súa especificidade. Dende esta perspectiva a nación precede sempre ao movemento nacionalista. O problema, o fenómeno ideolóxico e político, xurde cando a nación se pon a andar. Faise, xa que logo, unha realidade política cando entra a formar parte da dialéctica social. É por eso que hai nacións que xurden co mundo da burguesía, mentras outras ca caída do sistema capitalista, aguillado por un antiimperialismo consecuente.

A primeira confusión burguesa que debemos combater, é aquela que se fai entre Nación e máis Estado, xa que foi a consagración do concepto esencialista e ahistórico da mesma. A nación toma forma nun Estado, creado por unhas determinadas clases

sociais que poñen este aparello ao seu servicio, sublimándoo sempre como representativo das aspiracións "nacionais". Hai casos nos que coincide a nación, como realidade empírica, socioeconómica e cultural, coa nación como realidade política (Portugal), pero non noutros casos. De non facer esta matización, correremos o risco de sancionar o politicamente existente como o único real e o único necesario. Nós sabemos que existen Estados plurinacionais que empezaron sendo obra dunha nación opresora, que se impoñía a outras oprimidas. Hoxe acostuman a ser Estados cunha estrutura unitaria, capitalista e colonial, nos que, consecuentemente, certas nacións siguen sendo nacións asoballadas. Esta problemática fai que, como pode acontecer no Estado Español, unha alternativa política que manteña o Estado unitario, por moi progresista que seña, esteña capacitada pra estatificar os medios de produción, máis non pra nacionalizalos. Pra que haxa nacionalizacións reais tense que derrubar a estrutura unitaria do Estado. Isto quer decir que, en boa lóxica, correspóndelle a cada nación a súa soberanía, os seus propios organismos estatáís. Pode desaparecer o Estado burgués unitario, máis non desaparece a nación na súa acepción materialista e histórica.

Como noutros moitos eidos, pra manter a identificación nación=Estado, o ideoloxismo burgués manipulou o vocabulario, minimizando as realidades específicas que contradecían os seus intereses. Eisí, mesmo dende a esquerda, fálase de "nacionalidades" que teñen "dereito á autonomía". Outras veces emprégase un concepto cultural, antropolóxico, tribal, como o de "etnia", eludindo a caracterización sociopolítica. Si queren minimizar o problema, argumentando con criterios cuantitativos, como determinantes

pra reducir as aspiracións nacionais en nome da democracia, falan de "minoría nacional". Pódese chegar, mesmamente, á manipulación terxiversadora do concepto marxista de "formación social" identificándoo implícitamente coa realidade do Estado burgués. O prexuício, declaradamente racista, e a falta de perspectiva histórica, na visión do problema nacional, aparecen cando se fala de "pobos sin historia", "pobos sin cultura", "incivilizados", polo tanto destinados a seren colonizados. Pobos que non teñen dereito a un Estado propio, sin futuro de seu, aos que se lles xustifica a súa sorte actual, en nome do seu pasado e en nome dun porvir que os vai convertir en "civilizados", non en "salvaxes" e "bárbaros". Esta foi a xustificación moral que se lle deu á conquista de América polos españois, e a xustificación que lle atopaba a Segunda Internacional á expansión imperialista.

Existen, na concepción do problema nacional, desviacionismos interesados ou ben maneiras lóxicas de encetar o prantexamento da problemática nacional. É sabido que a cultura e máis a língoa dunha nación son moi determinantes pra tomar conciencia da existencia da mesma. Ninguén se atreve a negar as "peculiaridades" distintivas a este nivel. De todas as maneiras, asumida eisi a cultura, non deixa de estar situada nun plano puramente idealista. Efectivamente, os termos "nacionalidade" e "etnia" aparecen cáseque sempre cunha ausencia real do elemento político e do socioeconómico. Indican unha actitude de respecto paternal pola cultura e un afán proteccionista na súa conservación. Nembargantes, as posicións culturalistas, fondamente sentidas, aspirando a súa realización verdadeira, levan sempre a posicións políticas. É por iso que o punto de partida, historicamente falando, dos

movementos nacionalistas adoita estar no culturalismo. Como tamén é certo que, si esta actitude se mantén ao marxen do económico-social e do político, caerá en confusións, alienacións e propostas idealistas. En definitiva, é obvio que non se pode existir culturalmente e psicolóxicamente si non se é dono tamén da práctica social e política. En todo caso, non se pode negar que, na medida en que a língoa e cultura son moi adaptables aos cambios, é o que dá unha fasquía permanente ao fenómeno nacional, o que espresa en aparencia a realidade nacional, pero non é reducible ésta a aquélas.

Hai outro desviacionismo, que leva a sacralizar o Estado como nación, ao que denominaremos desviacionismo economicista. Sin dúbida, unha cousa é o mercado, as relacións exteriores todas do sistema capitalista, e outra a función económica que cumple cada nación dentro de el. Estó conleva a necesidade de poseer, no eido político, a soberanía fundamental pra que a economía se artelle en función dos verdadeiros intereses nacionais. A filosofía de fondo sería: división internacional do traballo sí, pero en pé de igualdade e en mutuo beneficio. O economicismo leva a identificar a unidade nacional, viable e lóxica, coa área na que existe libre mobilidade dos factores de produción, cunha barreira aduaneira, cunha institucionalización política, en definitiva, cos Estados existentes. O economicismo non é máis que unha alternativa determinista, antidialéctica e antisocial, porque, inda que a economía é moi importante, quen a padece é a sociedade e, en nome desta, deben ser elaboradas as alternativas. A economía por sí mesma non é nada. Velahí vai o exemplo da Puerto Rico, primeiro cliente de Estados Unidos en América Latina. O seu mercado está totalmente integrado co da metrópoli, mais as consecuencias da integración son

reprobables e discutibles dende a perspectiva nacional e social do pobo portorriqueño.

A tesis máis pretendidamente marxista e esquerdosa, negadora do problema nacional, é aquela que se basa na afirmación de que "os obreiros non teñen patria". Esta frase, entresacada dun contexto marxiano, introduce a confusión do verdadeiro sentido internacionalista co cosmopolitismo burgués, elimina o particular co universal, sin ter en conta as relacións dialécticas entre ambos os dous. Evidentemente, non é a mesma a patria dos burgueses que a patria dos proletarios. Hai un seudopatriotismo reaccionario e hai un patriotismo popular. Non é igual a patria representada por un Estado coherentemente nacional, que unha patria representada por un Estado colonialista e asimilacionista. A patria e o patriotismo, nas nacións asoballadas, é un concepto lexítimo, progresista e cangado dun contido material. Non se pode dudar de que a clase obreira sofre a explotación capitalista en todas as partes nas que existe semellante sistema. Nembargantes, non é o mesmo tipo de explotación nin son as mesmas as consecuencias que se derivan, nin se sae daquela ao mesmo tempo en todas partes. Todo isto ven demostrar que a clase obreira si está determinada polas condicións do espacio social en que se desenvolve e pola función que cumpre en cada lugar. Ninguén pode negar que a clase obreira está, nas colonias e neocolonias, determinada, na explotación que padece e na función política a cumprir, polo imperialismo. Polo tanto, os obreiros si teñen patria: teñen sociedades concretas que cambiar, explotacións específicas que combater e formas de loita e tipos de alianzas de clases determinadas que promocionar; en fin, hai loitas de liberación nacional, loitas antiimperialistas que dirixir. A tesis de que o sentimento e as forma-

políticas nacionais deben de ser alleos ao mundo obreiro parten da confusión do nacionalismo coas formas expansionistas, estatistas e imperialistas da burguesía. Sendo a reacción contra os Estados burgueses, non fan máis que consolidalos, paradóxicamente.

Dixemos denantes que a nación como feito ouxetivo, como realidade empírica (nación en si) adquire vida política na medida en que se fai nación na conciencia e na práctica do seu respectivo pobo (nación pra si). Isto non acontece máis que si unha determinada ou determinadas clases sociais necesitan potenciar, pra súa liberación, formas de loita nacionais. A nación pra si, a nación existente politicamente, xurde pola relación dinámica e dialéctica entre a estrutura socioeconómica e a superestructura ideolóxica, ambas as dúas determinadas por outras que exercen un dominio asimilacionista, no caso da actual fase imperialista do capitalismo. Dende que existe este sistema social e político, hai nacións en si, realidades dende a Edade Media, que se están a facer nacións pra si, pois tiveron unha clase ou clases motores da conciencia nacional, que levaron á soberanía xa formal, xa real. Son elocuentes os exemplos de Finlandia, Noruega, Checoslovaquia, Rumania, Polonia, Albania, Grecia, Irlanda, Italia, Hungría...

O devandito lévanos á consideración da importancia, pra que exista a nación actuante politicamente, dunha clase dirixente que abandee os proxectos nacionais, cuio contido é, consecuentemente, diferente según a época histórica e máis a estrutura social e económica da nación. A categoría de nación convírtese así nunha categoría sometida a cambios e transformacións. Hai nacións que sóio se movilizaron e actuaron, con proxectos nacionais, cando chegaron a ter unha clase

obreira e unhas clases traballadoras cuxa loita colectiva obriga a encamiñar as súas reivindicacións baixo unha forma nacional. Este é o caso hoxe das nacións dominadas polo imperialismo con fortes movementos populares de liberación nacional. Dentre estas clases que se agachan na forma de loita nacional, depende moito de cal seña a dirixente, pra agoirar o viero futuro da liberación nacional. Por exemplo, no século XIX, a globalidade social nacional movíase por proxectos artellados pola burguesía, que iban adiante sustentados nas arelas populares. Namentras, na Europa actual, os proxectos nacionais están sustentados e dirixidos polas clases populares coa hostilidade ou ambigüedad das burguesías intermediarias da nación asoballada. Neste último caso, en Europa soamente se acadou a independencia formal (Irlanda). Tanto eiquí, como noutros continentes, a independencia formal aparece como un mal menor aos ollos do imperialismo e das propias burguesías locais (Tchad, Marruecos, Congo, etc).

En definitiva, coa estrutura económica feudal existiron nacións en sí, pero foi a evolución interna destas sociedades cara o capitalismo a que produciu a existencia dunha clase dirixente, capaz de conformar unha conciencia nacional, a meirande parte das veces expansionista, sacralizadora dun Estado imperialista, vehiculadora do capitalismo. Noutras ocasións, prodúcese a conciencia nacional cando sociedades maioritariamente precapitalistas son fortemente agredidas dende fora e dominadas por un capitalismo formal non autoxenerado. Prodúcese, deste xeito, unha conciencia popular e colectiva dos intereses propios, que callan formalizándose en autoorganizacións nacionais pra combater e rematar coas agresións. Veleiquí a razón pola

que moitas nacións non teñen movementos organizativos de carácter nacionalista deica unha fase precisa na evolución histórica do capitalismo. O carácter da nación, como realidade histórica e social, fica sobrencellado. Por esta mesma razón, as que, nunha época de evolución do capitalismo, foron burguesías nacionais con aspiracións independentistas reais, convírtense hoxe en burguesías compradoras ou pactistas con sinxelas aspiracións autonomistas. O caso catalán resulta ben aleccionador. Polo tanto, non se pode xuzgar en abstracto o contido de clase do nacionalismo, mentras que, nembargantes, no intre actual, sí se pode prexuzgar cáseque sempre o seu contido progresista e antiimperialista. En todo caso, o que compre averiguar, pra agoirar a potencialidade e o futuro dos proxectos nacionalistas, é o coñecemento da estrutura económico-social do país, a súa dialéctica política, os prantexamentos teóricos e prácticos da súa vangarda nacionalista, o papel da clase obreira e doutras clases populares dentro del...

I.2. O dereito de autodeterminación

Os prantexamentos do dereito liberal clásico partían da defensa da liberdade de todos os individuos, o mesmo que da defensa da liberdade de todos os pobos. Semellante dereito formulaba o problema dunha maneira abstracta, cúa concepción e práctica dependía sempre do que se tivera como un pobo, é dicir, de cándo e en qué situacións se acadaba a categoría de tal. En definitiva, non aclaraba cómo se concretaba o dereito á liberdade, con qué xustificacións e qué posibilidades había pra que unha nación fora ceibe e soberán. A formulación abstracta dunha pregunta a un individuo ou a unha nación, sobre de si quere ser libre, isto é, autodeterminarse, soio resulta correcta na medida en que, denantes, se dean todas as condicións necesarias pra tomar a conciencia da situación propia. Isto significa que a pregunta non tería sentido porque soio se toma conciencia da situación propia e se actúa consecuentemente si, denantes, se practica en función de se autodeterminar. Do contrario, o dereito liberal de autodeterminación é fácilmente manipulable polos intereses antinacionáis, que poden prexuzgar cándo se concede tal dereito e cándo non, con qué tipo de contido e

en qué tipo de circunstancias. A autodeterminación non é un acto puntual nin pode ser unha cesión gratuita, sinón que significa un esforzo organizativo, a loita práctica por unhas oúxetivos e a conquista final dos mesmos. O aspecto nuclear da autodeterminación baséase na consecución da independencia, da soberanía, que aparece como produto dunha práctica denanterior, autodeterminante a nivel social e a nivel político. Isto esixe contar cunha clase ou clases que dirixan o proceso e cun proxecto social, económico e político, que vencelle a todos os sectores interesados na autodeterminación.

A concepción liberal do dereito de autodeterminación seguiu a prevalecer na visión marxista do problema, tal como foi prantexada nos clásicos, si ben condicionada por dúas coordenadas: os intereses de clase do proletariado internacional e a preferencia, non disimulada, polos grandes espazos económicos, na medida en que son produto e producen eles mesmos a "modernidade", na medida en que se xeneraron no combate antifeudal e significan un grado adiantado de socialización das forzas productivas. No fondo, nembargantes, o marxismo clásico sentíu a necesidade de compensar unha visión tan esquemática do problema, aseverando, cunha idea moralista e paternal, que unha nación que oprime a outra non pode ser libre. Verdadeiramente, o dereito das nacións á súa liberdade, a constituiren un Estado propio, foi prantexado cunha funcionalidade puramente táctica e, exclusivamente, en nome de supostos intereses da clase obreira dos grandes Estados europeos. Isto pode explicar as contradicións respecto á diversos movementos nacionais nos escritos do marxismo clásico, e inda certas xustificacións do imperialismo agresivo e colonizador. É ben sintomático que nunha teoría materialista da historia, na que se

argumenta fundamentalmente en nome da loita de clases, non se chegara a ver con total claridade o papel desta, a súa interacción co fenómeno nacional, deica que foi reprantexado e aplicado o marxismo ás situacións coloniais. A corrente principal do marxismo deica Stalin, no tocante a esta cuestión, é eurocentrista, paternalista e puramente taticista. Non escapa, nos seus miolos, de estar en función dos grandes países industriais e, baixo pretensións de xeneralización e abstracción, esconde unha actitude política e interpretativa antimaterialista e antidialéctica.

Non en balde, a versión liberal do dereito de autodeterminación concretouse nos lugares en que estaba en ascenso a burguesía, durante o século XIX, en Europa ou América, que era unha proiección europea. Entraba, xa que logo, formando parte de proxectos antifeudais e antiabsolutistas. Estes proxectos atacaban as bases do imperio ruso, do imperio español e portugués, namentras que se reforzaba o imperialismo a nivel mundial. O dereito á independencia entraba eisí na idea de igualdade, liberdade e fraternidade, aplicada a países deica entón dependentes, que poideran contar cunha clase dirixente burguesa, capaz de enfrentar ao pobo ás monarquías absolutas e reaccionarias. A autodeterminación reservábase aos brancos de cultura europea, en definitiva, aos denominados pobos con historia. Eisí, practicóuse na época do capitalismo competitivo e dos movementos antiabsolutistas e constitucionalistas do século XIX.

Mais este dereito rematou por se xeneralizar aos países coloniais, coa entrada dos pobos sin historia no concerto internacional das nacións. Entrada soio garantizada pola loita que contra o imperialismo escomenzouse en África e Asia (India, China, Vietnam,

Arxelia, etc.). Diante de tan abraiantes e incansables loitas pola defensa da soberanía nacional dos pobos asoballados, o imperialismo aprendeu a utilizar a autodeterminación como unha manobra tendente a manter a súa opresión baixo novas maneiras. Trátase da concesión da independencia política formal, que non cuestióne o dominio económico e ideolóxico-cultural. Velahí cómo acadaron a independencia Xordania, Marruecos, Kenia, Etiopía, Madagascar... A aplicación da autodeterminación consistiu, nestes casos, nunha manobra de neutralización da conciencia nacional-popular. Noutros, a autodeterminación veu como unha conquista plena do movemento nacional-popular e significou a concreción dunha parte fundamental dos seus obxectivos (Angola, Mozambique, Corea do Norte, Vietnam, Arxelia...). Nestes últimos casos, o tufo burgués e liberal que caracterizou aos movementos nacionalistas no século XIX, perdéuse por completo. O dereito á independencia forma parte dun proxecto en marcha cara o socialismo e, no seu nome, queda xustifico. Estes movementos deron os mellores teorizadores do problema nacional, os primeiros verdadeiramente materialistas na corrente do marxismo. Connolly, Ho-Chi-Minh, Cabral, Samora Machel, Agostinho Neto, etc. representan a contribución marxista, dende a óptica dos países colonizados, a esta problemática, é dicir, a aplicación da loita de clases e da loita pola consecución do socialismo ao problema nacional. Neles, a alternativa nacional forma parte dun proxecto anticapitalista. Este é o sentido da autodeterminación na perspectiva nacional-popular.

A perspectiva nacional-popular do dereito de autodeterminación presupón criterios organizativos, ideolóxicos e políticos. Partindo da creencia de que é un

dereito, sábese que, pra que seña eficaz e real na práctica, debe partir dunhas premisas e contar cunhos obxectivos inescusables. A autodeterminación non é nunca un problema de votación formal, xa que todos os pobos teñen que ser ceibes e soberáns. Os que non o señan teñen que practicar de maneira que algún día podan chegar a selo. Deste xeito, a autodeterminación é o resultado do duro combate político dun pobo pola defensa dos seus dereitos, combate apoiado nunhas clases sociais, cunhos obxectivos determinados, e contra dun enemigo preciso.

Resumindo, a autodeterminación non é un dereito metafísico, abstracto, sinón un proceso cuio remate está na soberanía real a nivel económico, político e cultural, o que presupón uns principios organizativos inequívocos e unha práctica política consecuente. Do contrario, a manipulación ideolóxica pode xogar un importante papel no oscurecemento da realización práctica deste dereito, ou ben no seu reduccionismo. Por iso, imos analizar deseguido este problema.

O primeiro tipo de reduccionismo é aquel que consiste en concretar os dereitos nacionais na autonomía. A presentación da autonomía como unha concreción do dereito á autodeterminación consiste na mellor manobra pra impedir que éste se conquira. Esta é a práctica política dos USA con Puerto Rico, declarándoo Estado Libre Asociado. O territorio autónomo convírtese nunha sucursal que, no mellor dos casos, xestiona o que planifica o Estado dominante. A autonomía representa, pois, a xestión administrativa das institucións autónomas, por delegación, daquelas prerrogativas que teña a ben ceder o Estado. En todos os casos, a alternativa autonómica deixa ben sentado que, en situacións conflictivas, todo queda á vontade e decisión do Goberno

e do Estado unitario. Endexamáis se contempla a posibilidade de planificar e controlar os medios e recursos económicos por parte dos organismos autónomos, argumentándose en nome dunha necesaria "armonización" do espazo económico estatal, o que, efectivamente, nunha economía de mercado, co Estado unitario como fondo, non se pode discutir. A autonomía cobra todo o seu sentido pola referencia ás leises dunha Constitución, que sacraliza a unidade do Estado e a estrutura colonial do mesmo. Neste senso, ningunha alternativa autonómica pode ter competencias pra xenerar un desenvolvemento propio, que poda cambear a función colonial que un determinado territorio autónomo, a súa poboación traballadora, cumpren dentro do Estado unitario. A autonomía non é unha resposta aos dereitos nacionais dun pobo, sinón unha manobra pra continuar as asimilacións, integrándoo máis eficazmente na mecánica do Estado colonial. As alternativas autonomistas son unha maneira de, ademitindo feitos diferenciáis, consagrar a súa integración xerarquizada nunha unidade superior, naturalmente por intereses de clase, por vencellamento ideolóxico aos grupos dominantes ou coas correntes políticas hexemónicas ao nivel do Estado unitario.

En moitas ocasións, en ambientes esquerdosos, emprégase a autodeterminación como dereito puramente formal, ao non faceren a integración na práctica ideolóxica, política e organizativa. Máis ou menos, a autodeterminación deféndese porque se está en contra de todo tipo de discriminacións. Polo tanto, estáse polo dereito de autodeterminación na medida en que ideolóxicamente hai que estar a favor de todos os dereitos democráticos. Nembargantes, non se ve por ningures cómo as raíces económicas, sociais e culturais

que subiacen na chamada discriminación nacional, teñen que determinar a forma política de abordala. Na práctica, estes grupos concíbena como un dereito tan metafísico, abstracto e ideal, que soio poden chegar a concretalo na defensa de que se pregunte democráticamente, si queremos ou non separarnos. Non obstante, eles preservan a súa práctica política real a favor da dependencia. Convírtese, entón, nun dereito irreal, na medida en que non se sinte como necesario. Non se entende cómo se pode rematar coa discriminación si non se recorre a unha práctica apropiada. Reconócese única e exclusivamente que a discriminación se acaba cando se admite na teoría o dereito á independencia. Na práctica, todos os bós "demócratas" teñen que loitar pra que ésta non se concretice. Pénsase que, coa ilusión concedida, queda superado o problema.

Finalmente, outros parten da irreversibilidade das relacións económicas internacionais existentes, confundindo interdependencia económica con integración política, facendo a esta última irreversible tamén. O criterio da modernización domina todos os seus prantexamentos, entendendo a evolución da humanidade cun criterio lineal. Nega ou desconoce a importancia das contradicións que se poden producir entre o nivel económico, o social e o político, sacralizando o carácter determinante do primeiro. Sempre se subestima ás capas populares non proletarias, e argumentase coa visión do proletariado como clase non soio anacional sinón antinacional, xa que é produto da economía capitalista internacionalizada. A frase "o proletariado non ten patria", convírtese no fetiche redentor. Lóxicamente, identifican a conformación do fenómeno nacional cos sectores residuais, condenados ao esmorecemento, labregos ou sectores non integrados no

gran capital, pequena empresa. O nacionalismo sería así un fenómeno de canto de cisne de sectores vinculados ao precapitalismo ou a un capitalismo sin modernizar. A pouca relevancia destes sectores, dende o punto de vista económico superficial, incitaría a estes economicistas a reducir o seu papel político, inda que, na realidade, o seu peso cuantitativo, e a súa propia conflictividade social contra do sistema, esteñan a demostrar o contrario.

1.3. O por qué do enfrentamento entre nacionalismo popular e capitalismo imperialista

O imperialismo é unha fase na evolución do capitalismo que se caracteriza pola concentración da produción e pola formación de grandes organizacións monopolistas, que operan a nivel internacional. Desta maneira, todas as nacións do mundo entran a cumprir unha función específica dentro do sistema imperialista mundial. Efectivamente, existen nacións ou Estados metropolitanos, cun capitalismo desenvolvido e adiantado, e outras nacións dominadas, con ou sin Estado propio, de escasa importancia rectora no mundo de hoxe. O papel destas últimas é un papel subordinado respecto das primeiras. Este fenómeno denuncia, sin paliativos, o falso carácter progresista da chegada e imposición, a calquera precio, pola forza, e dende fora, do sistema capitalista a todas as partes do mundo. Foi, ademais, esta evolución e espallamento do capitalismo os que convertiron as opresións nacionais tradicionais, centradas principalmente no terreo político e cultural, en claros problemas coloniais, notoriamente vencellados ao problema da loita de clases. Por todo esto, é polo que falar

de capitalismo ou de nacións capitalistas en abstracto, ignorando o papel que cada unha cumple dentro do sistema, é consagrar unha visión que oculta gravísimas contradicións. Unha delas, fundamental, o rol subordinado de certas nacións respecto doutras. En consecuencia, ocúltase a diversidade de ópticas políticas e a diversidade de formas de loita de clases que a oposición marxista xeneral burguesía/proletariado adquire, según a zona capitalista en que esteña inmersa.

Unha das intencións claves da ideoloxía imperialista consiste en racionalizar e xustificar todo este tecido de relacións disimétricas, de subordinación, de dependencia, que se impoñen, a escadà mundial, nesta fase do capitalismo. A ideoloxía imperialista, en primeiro lugar, sacraliza, xustifica, lexitima, defende os grandes Estados metropolitanos, a carón das súas línguas, culturas e costumes. Veleiquí de ónde se deriva a racionalización da inferioridade duns pobos fronte a outros, é decir, o racismo e toda sorte de teorías destinadas a perpetuar a función actual de cada nación. Por unha parte, reproducese constantemente o chovinismo, o complexo de superioridade das nacións dominantes, namentras que, por outra, se reforza o complexo de inferioridade, o autoodio, das nacións dominadas. Fórmase así unha relación dialéctica onde o servo imita ao amo, considérase perdido ou incapaz de subsistir, no caso de que non houber o xugo opresor. Non en balde, o fascismo e máis o nazismo son ideoloxías imperialistas, xeneradas en Estados con aspiracións expansionistas en intres de crisis social e económica e, xa que logo, con crisis de identidade. Non obstante, moi sintomáticamente, a ideoloxía imperialista vai enmascarada na fraseoloxía democratista de calquer país capitalista que cumpla unha función imperial. A manipulación dos conceptos de

liberdade e igualdade, no mundo occidental, faise baixo a non disimulada función redentora de nós salvar do peligro comunista, lexitimándose as maiores aberracións e agresións. Os americanos estiveron no Vietnam pra salvar a liberdade; Deus, según o cardenal Spellman, estaba con eles na loita contra do comunismo en Asia.

En todos os casos, a ideoloxía imperialista contribue a esquecer internamente as contradicións de clase, a cohesionar a sociedade imperialista fronte aos "enemigos" exteriores, e a xustificar os proxectos das clases dirixentes tanto na política interior como exterior. Ao propio tempo, as clases populares convírtense en cómplices das agresións ou do dominio imperialista cando non discuten e combaten a función dominante e expansionista da súa nación a nivel mundial. Cinguíndonos aos Estados plurinacionais, compre sulñar que a ideoloxía asimilacionista e opresora da unidade lexitima, xustifica as relacións de dependencia, privilexia e mitifica a língua e a cultura da nación dominante, que sirven como elementos alleantes pra afortalar o poder das clases dirixentes. Inda enriba, ofrecen unha compensación idealista ás clases traballadoras da nación dominante, ao sentírense superiores, e actúan de modelo a imitar, aparentemente aséptico e moderno, práns clases traballadoras das nacións dominadas. Xoga, pois, esta mecánica a desorientar e desnortar, lexitimando todas as renuncias, todas as dependencias, e compensando idealmente as propias frustracións.

A principal característica do capitalismo periférico é a de ser subsidiario, funcionalmente subordinado en todos os eidos (económico, político, tecnolóxico, cultural, diplomático, militar...) ao capitalismo metropolitán. A burguesía dos países periféricos, seña calquera a esfera económica en que se desenvolva, fai un papel de

intermediario, de correa transmisora dos proxectos imperialistas. É así como as súas alternativas políticas nunca se moven dentro dunha óptica ou órbita nacional. É así forzosamente na medida en que son proxectos artellados, tendo moi presente o papel dependente, económica e politicamente falando, do seu país. Todo o máis que fan é xustificar, por propio beneficio, con elementos internos á sociedade dominada, a opresión que se exerce dende fora. Existen moitas eivas, xeneralizadas en todas as sociedades capitalistas, que se ven agudizadas no capitalismo periférico. O proceso de desarticulación cultural de moitas sociedades, de desarticulación da súa economía tradicional, sin que a alternativa transformadora seña xenerada dende dentro do corpo social dominado, non compensa, colectivamente falando. A cultura e a lingua nacionais vanse convertindo, en moitas ocasións, en cultura e lingua márxináis e de clase. Os elementos autóctonos entran en contradicción coa chamada "modernidade". O "progreso", non é máis que a careta dunha destrución inxente de recursos naturais, de proletarización anárquica, e foránea dunha parte da poboación. Os proxectos a realizar no campo económico e cultural nada teñen que ver coas necesidades sociais do país, inda aquelas que unha burguesía nacional podería ter cuberto. O capitalismo periférico o máis que chega é a contrastar a máis refinada das riquezas coa máis espantosa da probeza xeneralizada, a máis esmagante das modernidades co máis abafante dos atrasos. Sobresaen, ademais, inxusticias sociais por todas partes e unha falla total de cobertura das necesidades mínimas da poboación (sanidade, escola, alimentación, vivenda, etc.). Os recursos humanos, os capitais e máis as materias primas, estráganse porque o seu uso non está en función dos intereses nacionais colectivos, sinón de proxectos alleos,

que intentan perpetuar o papel deste capitalismo periférico, papel residual e subsidiario.

Contra do nacionalismo opresor e chovinista que esconde os intereses da burguesía monopolista e os seus aliados, manifestación da ideoloxía e práctica imperialistas, que sacraliza a división entre as metrópolis e as colonias, érguese o nacionalismo das nacións oprimidas. Nacionalismo en loita pola autodeterminación, a independencia dos pobos asoballados polo imperialismo, que conforman o gran fronte antiimperialista. O nacionalismo antiimperialista é a afirmación e a defensa da patria asoballada, produto dunha conciencia de clase que se conforma de maneira nacional. É o vincallo dos dereitos políticos á soberanía coa práctica organizativa de sectores sociais populares, interesados en conseguila pra levar adiante as súas arelas. Son as nacións asoballadas contra os Estados opresores. É a loita contra a desnacionalización, a asimilación cultural e linguística. É a loita contra o desclasamento social e polos dereitos económicos, políticos e culturais dos pobos oprimidos. O nacionalismo antiimperialista constitúe hoxe a concreción revolucionaria máis determinante da loita de clases a nivel mundial. O nacionalismo irlandés, o nacionalismo basco, o nacionalismo corso, o nacionalismo bretón, o nacionalismo rhodesiano, o nacionalismo portorriqueño, o nacionalismo galego, o tailandés, o filipino... son a expresión política da loita antiimperialista, da loita contra os monopolios e multinacionais a nivel mundial.

Compre, polo tanto, manexar os termos imperialismo, fascismo e nazismo pra calquera forma de expansionismo imperialista, baseado nos intereses da burguesía monopolista, e o termo nacionalismo pra os movementos de liberación nacional e social das nacións asoballadas.

Esta terminoloxía utilízase hoxe dunha maneira confusa por parte dunha práctica política autotitulada liberal. A súa intención é, no fondo, tentar lexitimar democráticamente a estrutura dos Estados imperialistas do mundo occidental. Cando se dí que todo nacionalismo é fascista, estáse arguindo ca tesis de que todo nacionalismo é totalitario. Ou ben coa tesis de que o nacionalismo fai esquecer a loita de clases. En ambos os dous casos faise unha confusión interesada porque non se analiza o contido de clase de cada un dos movementos, fascismo ou nacionalismo popular, dos ouxetivos perseguidos e, polo tanto, da orixen de cada movemento. Uní é a antítesis do outro. Tamaña cerimonia confusionista amosa a qué grado de cinismo pode chegar a propaganda liberal, sempre moi "democrática" e sempre pro-imperialista.

I.4. A liberación nacional, fase necesaria pra o socialismo

O fenómeno imperialista obriga a rephantexar as condicións determinantes da maior ou menor madurez pra encetar a revolución proletaria nun país concreto. A evolución histórica do século XX e o propio análise da realidade está a demostrar que aquela non se vai producir necesariamente alí onde esteña máis desenvolvido este sistema económico. Moi ao contrario, as revolucións proletarias producíronse nos eslabóns máis febles da cadea imperialista mundial. Neste senso, é ben sintomático o cambio de actitude de Marx tocante a correlación entre revolución inglesa e revolución irlandesa. Desta maneira, pásase dunha primeira fase en que se afirmaba que a revolución socialista se dará nos países capitalistas adiantados a unha nova formulación en que se afirma o papel importante das revolucións anticoloniais. Nembargantes, no marxismo clásico, inda se contemplan como "reserva" da revolución proletaria mundial, é decir, como aguilloadoras da revolución en Europa occidental e as súas prolongacións en América e Oceanía (USA, Australia, Nova Zelanda, Canadá...).

Hoxe cabe afirmar, cando menos, que a contradición imperialismo/países coloniáis, neo-coloniáis e dependentes, se sitúa no primeiro plano a escala mundial. Probablemente constitúe un requisito prá revolución nos países adiantados, tal e como confirma, por outra parte, a experiencia histórica (China, Sudeste de Asia, Cuba...). As razóns deste desplazamento da contradición principal á escala mundial son claras e de varia índole: creación dunha aristocracia obreira, gracias á explotación imperialista da periferia, fractura do proletariado occidental, por mor da inmigración estranxeira procedente dos países periféricos, certo desenvolvemento do Estado Benestar por parte de gobernos reformistas, proiección interna do fenómeno imperialista (chovinismo, racismo, militarismo, etc.), que oscurece a loita de clases no seo dos países centrais, etc. Como contrapartida, a evolución do capitalismo periférico está a agravar continuamente as contradicións nos países dependentes: subdesenrolo crecente, sobreesplotación, opresión nacional agudizada cun claro contido de clase, cangada dun grande potencial revolucionario, desarticulación das súas economías, masivos fenómenos migratorios en moitos casos, etc., configurando unha situación na que as bandeiras nacionais son e se identifican coas bandeiras da Revolución.

O europeísmo responde a unha actitude colonialista respecto doutras áreas do mundo, a unha idea racista basada na superioridade cultural, técnica e, nalgunhas ocasións, biolóxica, dos países europeos, especialmente anglosaxóns e xermánicos, que serían os representantes da civilización e do grado superior de evolución do home na terra. Significa, polo tanto, a glorificación do berce do capitalismo no mundo. O

deterioro da súa imaxe ven representar o deterioro do capitalismo como ideal social e económico. Este deterioro está provocado pola entrada na órbita da historia, con plenos dereitos, dos chamados pobos atrasados. Atácase ao eurocentrismo cando se afirma a identidade nacional e cultural dos pobos colonizados. É a loita contra os valores, as normas e cultura que non son máis que expresión dunha determinada área xeográfica e dun determinado sistema social que, en absoluto, se poden identificar cos valores da humanidade, por excelencia. Na medida en que os pobos se esforzan por recuperar a súa identidade, planificando e protexendo un desenvolvemento deles mesmos, o eurocentrismo deixa de ser a imaxe compensadora pra se converter nunha clara manobra do imperialismo, destinada a mellor assimilar e dominar aos pobos colonizados.

Con todas estas observacións, non tentamos negar a posibilidade de revolucións obreiras nos países avanzados, contrapoiendo a potencialidade revolucionaria do chamado Terceiro Mundo. Os procesos revolucionarios están enmadedados a escala mundial, de maneira que as loitas antiimperialistas pulan o movemento revolucionario das metrópolis. Inda que Portugal non seña Europa, económica e socialmente falando, é un exemplo claro do que decimos. O problema está máis ben en especificar as secuencias no proceso revolucionario mundial, que semella terse desplazado cara os países dependentes, ademais de fundamentar e explicar as raíces deste proceso no materialismo histórico.

A posibilidade real de que se sucedan trastornos revolucionarios nos países dependentes, caracterizados, entre outras cousas, por un escaso desenvolvemento da clase obreira e pola febleza e desarticulación das forzas

productivas, obriga a prantexarse toda unha serie de problemas, fundamentalmente respostar a unha interrogante, ¿cál é a natureza das revolucións que se suceden na periferia do sistema capitalista mundial? ¿en qué sentido cabe falar dunha revolución proletaria nas colonias, semicolonias ou países dependentes do Terceiro Mundo? Pra respostar a este interrogante faremos as seguintes reflexións.

É fundamental non ver como separadas mecánicamente a Revolución Nacional-Popular e a Revolución Socialista, xa que ambas as dúas forman parte dun mesmo proceso dialéctico e están mutuamente incardinadas. Inda que a revolución nacional-popular non seña socialista polo contido, a súa conduxión obreira, é dicir, o feito de que esteña dirixida pola clase obreira, convértea oxetivamente na primeira fase de revolución socialista. Por outra banda, a evolución profundizada da revolución nacional-popular garantiza, nun lapso de tempo máis ou menos curto, a súa transformación en revolución socialista.

De feito, resulta inconcebible unha revolución nacional-popular consecuente si non se produce baixo a dirección da clase obreira. Ao propio tempo, esta revolución é por forza antiimperialista, antimonopolista e anticaciquil. Noutras verbas, é, en maior ou menor medida, anticapitalista, facilitando sempre e convertindo nun oxetivo real a construción do socialismo. Desenvolve as forzas productivas e socialízaas, o que constitúe unha condición necesaria do socialismo. Coa industrialización acelerada do país, desenvolve a clase obreira, a clase na que se encarna o futuro orden social. As medidas antimonopolistas e antiimperialistas, xunto coa reforma agraria, eliminan as bases económicas das antigas clases esplotadoras e fornecen os alicerces pra o

desenvolvemento dun sector estatalizado e planificado. Inda que a reforma agraria respete a propiedade familiar, pon cabo ao proceso de esnaquizamento da agricultura. Ademais, o novo réximen lóxicamente estimulará formas de produción cooperativa, moi aptas prás fases de transición, barrendo o aparello caciquil do campo. A recuperación da soberanía política e a reconstrución cultural do país rescatan a identidade nacional e, por este feito, ábreanse novos vieiros, orientando xa o proceso cun marcado carácter proletario.

A situación colonial tradúcese nunha conciencia gregaria, mimética, hipnotizada, individualista, sendo a mellor garantía de que, en tanto subsista esa situación, non haberá unha conciencia concreta de clase, xa que a conciencia abstracta é sempre unha falsa conciencia. Por outra banda, soio o pleno desenrolo da conciencia nacional, da conciencia de nación asoballada neste caso, permitirá, nunha fase posterior, pasar a primeiro plano axeitadamente "as contradicións no seo do pobo". Compre dicir que a superación destas contradicións, ao se producir o tránsito da revolución nacional-popular á revolución socialista propiamente dita, non ten por qué esixir a violencia. Na hora presente, non existe unha barreira infranqueable entre as revolucións antiimperialistas, conducidas polo proletariado, e a revolución socialista, como amosa o caso paradigmático de Cuba.

En definitiva, a independencia nacional conleva nestes casos un fondo contido popular e progresista na medida en que significa un ataque mortal ao gran capitalismo, na medida en que senta as bases pra un desenvolvemento económico planificado en función das necesidades sociais, e na medida en que garantiza a permanencia da comunidade nacional, acabando co proceso de destrución polo colonialismo, artellando a

súa rexeneración cultural e a súa transformación interna cara un novo modelo social. Alén desto, ao debilitar, inda que seña parcialmente, o capitalismo imperialista, significa unha contribución ao fortalecemento do socialismo a escala mundial.

As nosas argumentacións non queren decir, en maneira algunha, que se deba preconizar dende xa o carácter socialista da revolución anticolonial. Unha cousa é caer no etapismo e outra ben distinta diferenciar etapas na revolución proletaria. O problema non é soio teórico nin moito menos. Non é que se trate exclusivamente de falar con propiedade, dado que, polo seu contido, a revolución nacional popular non é efectivamente unha revolución socialista. O problema ten fondas implicacións políticas, tácticas e estratéxicas. Estamos nada menos que prantexando o problema dos aliados da clase obreira no proceso de construción do socialismo e, en definitiva, a viabilidade mesma da revolución proletaria. Falar de revolución nacional-popular como primeira fase de revolución socialista é determinar o sistema de alianzas, propio desta etapa histórica, poñendo na beira do proletariado todas aquelas clases marcadas polo seu carácter antiimperialista. Polo tanto, amplíase a base social do proletariado con todas as camadas sociais que protagonizan o movemento nacional-popular. Veleiquí por qué é correcto referirse a "liberación nacional e social" no camiño do socialismo, é decir, distinguir unha loita nacional, dotada en si mesma dun contido social, de clase, do socialismo propiamente dito que, en canto tal e en nome dos seus oxetivos específicos, soamente é defendido consecuentemente e deica o final pola clase obreira. Non cabe dúbida de que a "liberación social" é entendida dun xeito diferente por cada unha das clases que pulan a loita nacional-popular,

por máis que seña compatibles, o que viría a escluir a identificación total do conxunto na solución socialista. Máis concretamente, é unha laboura precisamente do partido proletario tratar de conducir o proceso nacional-popular, pra que non se desnaturalice nos seus oxetivos. Compre demostrar e convencer de que a auténtica independencia nacional únicamente se conquista co socialismo, e que iste é, cando menos, compatible cos intereses de todas as clases populares.

Nembargantes, afirmar que non hai máis formas de "liberación social" que o socialismo, é certo prá clase obrreira, pero resulta xenérico de máis, si o aplicamos a outros casos: labregos, mariñeiros, artesáns, etc. É verdade que estas clases, "atípicas" na sociedade burguesa ideal, participarán no proceso productivo, necesariamente, ben no marco do capitalismo, ben no marco dunha sociedade que enceta os vieiros do socialismo. Mais soio neste derradeiro caso poseen un futuro. Velahí por qué facemos tanto fincapé no especial papel da clase obreira nas súas relacións con estas camadas populares. Claro que tamén é certo que a reforma agraria pola que claman os labregos, ou a reforma pesqueira que esixen os mariñeiros de baixura, en absoluto se pode identificar co socialismo, a non ser que desvirtuemos completamente este concepto, inda que non cabe dúbida de que forman parte da súa liberación social. Defender o contrario levaría emparellada a proposición de que a liberación social das clases populares non proletarias esixe, como única solución, a súa colectivización de súpeto.

Ao chegarmos eiquí, impóñense varias aclaracións porque do den anterior poderíase deducir que se contemplan as clases sociais non proletarias como meros "compañeiros de viaxe" da clase obreira,

destañados a cumpliren unha función pasiva no proceso e, ao cabo, liquidados económica e política, como abona algún exemplo histórico. Nada máis lonxe da verdade: á altura do noso tempo, falar de sacrificar, poñamos por caso, aos labregos, unha clase social fundamental en cáseque todos os países subdesenvolvidos, en nome da construción do socialismo, é, no mellor dos casos, unha "abstracción" irresponsable. O socialismo non é unha utopía, non é unha abstracción. Como dixo Marx, "o comunismo non é un ideal, é un movemento real que existe na sociedade". No noso caso, polo tanto, a defensa e a consecución real dos obxetivos socialistas e do comunismo pasan pola Revolución Nacional-Popular, pasan pola descolonización forzosa.

Eiquí situámonos diante dunha nova fonte de confusións que compre atallar decontado. Hai quen afirma, polo feito de que a liberación nacional ten un nido contido de clase, o que é certo, que a Revolución Social, e así, con maiúsculas, é decir, como novo concepto abstracto, remata coa opresión nacional. Ao cabo, voltaríanse a deslindar ambos os dous campos. Este prantexamento está falseado. Podemos decir que a revolución social é condición necesaria pra rematar coa opresión nacional, mais non é condición suficiente, xa que existe unha autonomía das instancias que nos obriga a non sustentar a teorización nun mecanicismo economicista, so pena de caer nun vacuo reduccionismo. Non hai maneira de demostrar que unha revolución social "pura" en Galicia promova por sí mesma o urxente proceso de normalización do galego, por poñer un exemplo cultural. O problema está en que non ten sentido falar de revolución "pura". Detrás deste adxetivo escóndese "revolución a nivel estatal" ou "socialismo a

nivel de Estado". Alternativas desta caste deixarían intactos os mecanismos concretos que producen a emigración, a industrialización non articulada, a falta de planificación propia en función dos intereses do noso pobo, etc.. Todo en nome dunha abstracción chamada Estado Español.

En resumen, falar de revolución nacional-popular non é un xeito de camuflar, diante de labregos, mariñeiros e pequena burguesía, a revolución socialista. Moi pola contra, é unha realidade inesquivabel, onde converxen todas as clases populares, no camiño do socialismo. Preconizar agora xa a revolución proletaria nun país colonizado é predicar un imposible, ademais de allearnos aqueles sectores antiimperialistas, que non están necesariamente polo socialismo. En conclusión, é a maneira de non facer avanzar a revolución proletaria.

1.5. Tipos de opresión nacional

a) A opresión política

Todas as nacións asoballadas sofren unha opresión política na medida en que non contan con institucións propias de autogoberno. Esta é, pois, a opresión nacional xeneralizada, porque non conleva forzosamente unha dominación económica. Precisamente, moitas nacións oprimidas politicamente teñen as súas clases superiores inxertadas, formando parte da clase dominante do Estado, no aparello estatal unitario, sin deixaren de cumprir por eso a función de clase dirixente a nivel interno da súa nación. Por esto mesmo, esta clase social chegou a erguer movementos nacionalistas, dentro da súa propia nación, pra defender os seus dereitos de clase fronte a outras burguesías, baixo proxectos aparentemente nacionáís. Xa que logo, este tipo de movementos son contrarios ao Estado unitario na medida en que éste está monopolizado por unha clase dominante que non se avén a repartir o poder que dá o Estado burocrático, non reconecendo á clase dirixente da nación oprimida os seus dereitos a ser protagonista da política dentro da súa nación e a contar

con voz propia no amaño dos asuntos xeneráis que van afectar a todo o Estado. Non en balde calquera proxecto nacional, defendido por unha clase con estas características, ten moitas probabilidades de non pasar dun autonomismo radical, no mellor dos casos. A súa inmersión dentro do Estado unitario, a súa importancia económica e política a nivel estatal, failles renunciar á creación dun Estado propio, na medida en que non sería unha garantía tan eficaz da súa existencia como clase, nin un mercado tan apetitoso. Un exemplo clarificador pode estar na traectoria da burguesía catalana que, sempre que tivo que recurrir ao aparello coercitivo do Estado ou necesitou da protección económica do mesmo, obtivoa. Ao mesmo tempo, combateu máis eficazmente aos seus enemigos internos utilizando con éxito valores culturais e lingüísticos nacionais. Este é o motivo de que, en semellantes casos, non se chegue a propoñer a creba do Estado nin a independencia da nación política asoballada.

A opresión política das nacións amosa variantes, segundo que o seu proceso de desenvolvemento económico fora autoxenerado historicamente ou ben provocado por unha agresión dende fora, que desartelle a economía tradicional. Neste último caso, o desenrolo interno do país non está totalmente controlado dende dentro. Son casos exemplares do primeiro tipo. Catalunya, e do segundo, Euskadi. En Catalunya, a creación dunha burguesía nacional seguiu unhas pasos lóxicos, relativamente armoniosos na súa conformación autóctona, mantendo a súa identidade nacional e cultural. Reafirmouse tamén na súa actuación económica e política dentro do ámbito catalán. En Euskadi, o desenvolvemento da burguesía prodúcese por conxunción de varios elementos: introducción do capital

estranxeiro, actuación directa do Estado Español, artellamento da industria ao marxen e de costas a estrutura agraria. Todo isto de súpeto e dabondo violentamente como pra que soamente unha pequena parte dun sector social autóctono se integrara, como dominante, no proceso de desenvolvemento económico. A burguesía financeira xurdéu vencellada a proxectos que necesitaban do Estado centralizado, aliada ao resto do capital financeiro español, polo que o seu reaccionarismo e falta de identificación co nacionalismo basco foi unha constante. Unicamente, unha media e pequena burguesía, vencellada ao comercio e mediana e pequena industria, xenerou un movemento social asentado en Euskadi e de presupostos nacionalistas, coa grave chata de non poderen xogar tan claramente coa identificación cultural e lingüística, pois a asimilación foi máis eficaz, en canto que se encarou cunha sociedade tradicional agraria, dende unha agresividade industrial e capitalista repentina. Isto explica que, en Euskadi, se manifeste un españolismo declarado, aberto, na outa burguesía, identificada e hirmánada coa española, o nacionalismo con incidencia popular de fasquía burguesa, e a percura, contradictoria, inda non resolta, dun nacionalismo popular e revolucionario. O problema ven ser inda máis complexo, pois é importante cómo condiciona a situación a gran cantidade de inmigrantes españoles e galegos, de máis difícil asimilación dentro da estrutura social, cultural e política de Euskadi, que noutras nacións máis coherentes e menos complexas nos aspectos devanditos.

No tipo de dominio político das nacións foi historicamente determinante que a burguesía nacional formara parte ou estivera asimilada ás pautas culturais ou ideolóxicas da burguesía do Estado opresor e, polo

tanto, vinculada a projectos económicos de ámeto estatal, caso da gran burguesía basca, ou ben que seña unha burguesía de base económica nacional que aínda non perdeu as señas de identidade propias, caso catalán. De todas as maneiras, nos dous casos, existindo un sentimento xeneralizado de tipo nacionalista, a súa concreción popular, a nivel organizativo, ideolóxico e político, será máis problemática que nos casos de nacións que non contén con unha clase social burguesa definida, forte e interesada en projectos paranacionalistas.

O asoballamento político das nacións foi destruído sempre que unha ou varias clases sociais autóctonas sentiron a necesidade económica acuciante de teren un Estado propio, necesidade que, nos projectos vencellados á burguesía na actual etapa de evolución do capitalismo, resulta, cando menos, dubidosa. Veleiqui por qué, nestes casos devanditos, seña urxente a necesidade de contar con movementos nacionalistas definidos en función de intereses populares e antiimperialistas, cúa viabilidade, eiquí e agora, está chea de atrancos, contradicións, comprindo un grande esforzo de clarificación.

b) A opresión cultural

Toda opresión nacional implica unha opresión cultural. Sin ter institucións políticas propias nin unha vida social e económica soberán, non pode a cultura de seu manterse na normalidade. A cultura propia, que foi unha resposta ás necesidades colectivas da nación, está esmagada, asoballada, mesmamente desvalorizada diante dos seus propios artífices. Polo regular, esta situación acostuma a presentarse, en moitas ocasións, como sinxelo conflito entre a modernidade e o atraso. Nembargantes, trátase de destruír as costumes, as

normas sociais, as pautas de comportamento, as institucións propias, a técnica, a língoa de seu, pra deixar á sociedade máis núa e vulnerable pra o dominio e máis a asimilación. É un proceso de imitación dende unha postura de forza, que consiste en asimilar o vencido e dominado ao vencedor e dominador, utilizando a destrución da súa cultura pra que aquel fique desposeído dun elemento fundamental que lle dá coherencia social e que representa un símbolo da súa personalidade colectiva. En todos os casos de nacións dominadas, a opresión cultural é un feito que abrangue hastra o aspecto que constitúe a base vehicular de toda cultura, a língoa.

Existen algúns casos de nacións dominadas cúa língoa acaba por ser a mesma da metrópoli, porque se impuxo ao longo dun proceso de colonización. Isto quere decir que existira outra propia desaparecida. Sempre a língoa de colonización adáptase ás necesidades sociais e á cultura popular da nación dominada, por medio dun proceso que dura varios séculos. Con isto indicamos que, sendo a língoa un elemento básico da cultura, puido desaparecer, en moitas ocasións, do contesto nacional, asimilada á forza pola língoa imperialista, acabando por servir ésta, adaptada ao novo espacio xeográfico-social, ás necesidades da sociedade colonizada. Nembargantes, compre ter moi claro que esta función chega a cumprila únicamente moito despóis de que desaparezan os últimos vestixios da língoa nacional. Requírese, pois, que desapareza a función psicolóxico-social dominante da língoa imperialista dentro do novo contesto, pra o que fan falta moitos séculos, ademáis de ser un resultado que non se deu nin se dá en todas as nacións oprimidas. En todo caso, de consumarse a asimilación, sempre é produto da violencia secular, da dependencia continua-

da e de certas características moi específicas da língoa propia que, facéndoa aparentemente menos vulnerable pola súa gran diferenciación coa língoa opresora, a sitúan con menos posibilidades de recuperación si recúa. A semellanza cultural e formal das línguas dominadas coas línguas imperialistas pode crear menos dificultades intrínsecas á hora da súa recuperación. O caso de Canarias e a perda do seu idioma nacional, guanche, como o caso de Irlanda e o retroceso alarmante do gaélico eisé parecen atestiguala.

De todo o devandito dedúcese que non é absolutamente precisa unha língoa diferente pra ter unha cultura propia, pero sí que a cultura manténse máis diferenciada, máis singularizada, máis coherente, vehiculada nunha língoa de seu. A língoa tamén é produto dun traballo social colectivo e, por iso, responde e está adaptada á maneira en que un pobo interpretou e ouxetivou a súa existencia social. O problema céntrase entón en que, a pesares de ser posible a existencia dunha cultura nacional, unha vez desaparecida a língoa propia, a súa perda é sintomática dunha agresión intolerable, traumatizante, social e individualmente, necesitada dunha readaptación lenta, non reconfortante en ningún aspecto, destructiva da conciencia colectiva e de grupo. Pra que non se consume o proceso asimilista, compre defender a língoa propia practicándoa, como mellor maneira de defender a coherencia social do grupo dominado, a representación simbólica dunha alternativa de normalización global do contesto social, de recuperación da identidade nacional.

A cultura e máis a língoa, como vehículo primordial daquela e como produto cultural en sí mesma, teñen a súa orixen na práctica social dunha comunidade, na súa economía e na súa infraestrutura física. Son, pois,

productos clarísimos da materia na súa evolución histórica. A cultura está representada, no eido da arte e da literatura, polas obras individuáis ou colectivas xurdidas en función de aclarar, reproducir ou potenciar a dinámica e os conflitos propios da nosa sociedade dende dentro, sendo, nalgunha medida, resposta ás nosas necesidades. Nas costumes e nas pautas de comportamento, está representada por todos aqueles hábitos sociáis e folclóricos, que significan a maneira de encarar as relacións lúdicas, afectivas e de traballo no propio contesto, tal como se desenvolveron na súa continuidade histórica. Nos aspectos técnicos, pola creación e maneiras de uso de aparellos destinados a dominar a natureza, a partir do grado de desenvolvemento científico do propio contesto social.

Todo este proceso de creación cultural autóctono, "espontáneo", é coutado, nunha etapa da súa evolución, pola cultura, a língoa, da nación imperialista. Esta adquire unha funcionalidade claramente asimilativa, destructora e clasista, é decir, ao servizo duns proxectos económicos e políticos que favorecen a unha clase social dominante dun contesto alleo. Desta maneira, a cultura nacional oprimida acaba por ter sempre unha base popular, preservadora da coherencia social e sintomática da evolución propia. A cultura e língoa opresoras funcionan sobre unha base burguesa, clasista, destructora, hipnótica, atraguendo á sociedade dominada a unhas pautas autocolonizadoras, que lexitimen, diante dos propios ollos dos oprimidos, o papel dependente e subsidiario da súa propia realidade. Entendida eisé a cultura, queda convertida nun símbolo sēñlleiro da nación oprimida, empequenecida pola súa falta de liberdade, abafada polas agresións, mais capaz sempre de recuperar o tempo perdido se a práctica do

pobo respectivo remata por ser ceibe, pra dar resposta cumprida ás súas necesidades. Entón é cando realmente estará capacitada pra, si lle compre, assimilar o alleo sin pasar por ter que ser ela asimilada.

É precisamente a especificidade cultural e lingüística a que pode fornecer e despertar a conciencia nacional, na medida en que unha comunidade se decata da súa diferenciación e non está disposta a se deixar assimilar. A partires da identificación cultural coa propia comunidade a soballada pode chegarse á contestación da opresión política. Este é o motivo de que os movementos nacionalistas señan, no seu comenzo, movementos culturalistas. Sin a loita por recobrar a conciencia de pobo e de colectividade, é imposible discutir a opresión política, a non ser de forma individual, aillada ou como eco de movementos sociais cuio motor e dinámica non teñen que ver coa realidade concreta e, incluso, ignóranna.

A procura da identidade cultural, do grupo social no que integrarse, comenza sempre por parte de sectores ou individuos que viven o conflito dunha maneira moi aguda pola súa situación de clase. A súa conciencia pode abrirse a un camiño de integración activo, contestatario en favor da propia comunidade, da que ún non quere renegar. Estes sectores da pequena burguesía teñen unha orixen popular, son fillos de camadas enraigadas inda na cultura nacional, accederon ao sistema educativo e cultural do Estado colonial, chegaron a ocupar mesmo algunha función burocrática irrelevante dentro da Administración, polo que na súa conciencia pode aparecer a contradicción entre o pobo de onde se procede, o papel que éste cumple, a desvalorización que sofre, e o mundo dominante co precio que hai que pagar por se integrar nel, inda enriba individualmente. As

actitudes psicolóxicas, as reaccións que semellante situación crítica pode provocar en individuos deste sector social, explica por qué son eles os primeiros en contestar a marxinalidade colectiva do seu pobo, xa que, en certo sentido, viven eles esa marxinação dunha maneira activa, conscente, inda que individual e ailladamente. Esta maneira de contestación é capaz de producir artistas, escritores, que enceten o proceso reivindicativo no nivel posible con actitude semellante, a arte en xeneral. Non se trata, polo tanto, nun comenzo de movementos sociais organizados, sinón de intuicións artísticas que anuncian e preparan o que vai ser o movemento nacionalista futuro. A súa conformación esixe contar cunha base social coherente, con proxectos e obxetivos políticos clarificados, proceso que acostuma a costar moitos anos na percura de que enraigue nas clases populares a conciencia nacional. Cando a conciencia nacional, pra enraigar no pobo, necesita da asunción por parte deste da súa situación colonial, de pobo explotado colectivamente, non se transformará en realidade política tanxible, e non soio en movemento culturalista esvaído, hastra que poderosas razóns económicas que as clases traballadoras podan sentir directamente, acaben despertando a súa conciencia política, que se conforma como conciencia nacional-popular.

A cultura está determinada evidentemente polo modo de produción característico dun país, e polas relacións sociais que o especifican. De todos os xeitos, na cultura están acumuladas moitas esperiencias que, ao longo de séculos, tivo o pobo respectivo, o que vai deixando un sustrato, unhas maneiras básicas de se achegar ao mundo, que condicionan desenvolvementos posteriores, pese a que éstos se vaian producindo

conforme se transforma a estrutura social e económica. Polo tanto, inda que a evolución se efectúe polos cambios desta última, faise sobre unha materia específica previa, sobre aspectos que manteñen unha grande autonomía, e capaces, eles mesmos, de, sin seren destruídos, se adaptar aos novos tempos. Isto pasa co baile, pasa coa música, pasa cos hábitos psicolóxicos, pasa coa arte (arquitectura), pasa coa literatura popular. O conflito está en que estas actividades culturais, moi vinculadas a un determinado sistema de produción, posibilitadas de teren unha liña de evolución propia si aqueles se transformaran dende dentro, son agredidas dende fora por unha cultura vencellada a modos de produción iguais ou diferentes, pero fundamentalmente distinta. Inda enriba, no prisma desta máis superestructural e ao servizo das clases dominantes, é dicir, nos aspectos máis reaccionarios e retróados. E así, a cultura nacional asoballada queda estancada nun período evolutivo que a fai de doada identificación co atraso, co precapitalismo, etc., mentras que a cultura agresora, ceibe no seu camiño evolutivo, aparece como moi vencellada á modernización.

Evidentemente está claro que a cultura nacional dominada quedou estancada, arruinada porque foi impedido o seu desenvolvemento normal. Era totalmente compatible coa modernización, a partires dela mesma. Resulta, xa que logo, totalmente trabucado creer que a cultura autóctona está necesariamente vencellada ao modo de produción que, de desaparecer ou quedar tolleito, conleva asemade a morte ou eiva da cultura propia: Moito máis errado aínda é pensar que o modo de produción novo, dominante, coa nova cultura respectiva, fora xenerado internamente pola propia sociedade agredida. En definitiva, non se trata dun problema de

sinxela modernización interna a unha sociedade, sinón dun fenómeno imperialista xenerado por unha cultura burguesa, baseada en esquemas culturais dunha clase determinada dun área lingüística e cultural específica. Esta cultura ofrece incluso unha versión parapopular, dexenerada, nos campos do baile, do canto, da literatura, do cine, etc. Veleiquí cómo a sociedade agredida está asulagada pola cultura oficial, burguesa e colonialista, pola súa versión popularizada e por unha aplicación e utilización da técnica en función dos intereses do Estado colonial e en detrimento dunha utilización racional, axeitada ás necesidades e características do propio país. O carácter esencialmente maleable e transformador da cultura queda exemplificado nidiamente polo fenómeno da lingua, sempre ao servizo das necesidades sociais dun determinado sistema, e sempre capaz de se transformar pra dar saída ás novas necesidades. No caso de ser agredida dende fora, pode quedar relegada aos sectores populares, emprobecida en determinados aspectos, pero sempre é factible a súa restauración e reconstrucción si existe unha práctica social favorable a ela. Hai, pois, na lingua unha parte moi determinada polo tipo de sociedade na que se desenvolve, e outra parte capaz de, por enriba de todas as vicisitudes, servir a calquera clase de "modernidade".

A grande importancia da especificidade cultural e lingüística, na conformación da conciencia nacional e como preludio da reivindicación política nacionalista, non significa que, canto maior seña esta especificidade, maior será o grado de radicalismo na loita reivindicativa. Moito menos quere dicir que o asoballamento nacional seña menor, cando o conflito se produz entre culturas próximas. O fenómeno nacional ten as súas raigañas nun problema económico e político, inda que esteña

simbolizado esternamente por un fenómeno cultural. Será o grado de necesidade e de urxencia daqueles aspectos o que determinará a virulencia do seu carácter e, sobor de todo, a urxencia da demanda independentista. En todo caso, a proximidade cultural e lingüística pode contribuir a opacar a conciencia nacional, cando a diferenciación non ten uns rasgos tan poderosos e evidentes como pra poder concretar por sí mesma antagonismos empíricamente insalvables. Neste sentido, as características raciais poden contribuir, en gran maneira, a agudizar o sentimento nacionalista. Tamén, unhas características lingüísticas moi específicas, na medida en que protexen da facilidade técnica relativa de poder introducirse no sistema lingüístico dominante. É innegable que a proximidade xeográfica, tamén, pode xogar ventaxosamente, en principio, a favor dos intereses do asoballamento nacional.

De todos os xeitos, nada do devandito anula o feito de que o asoballamento nacional esista en todas as partes do mundo, con diversas características económicas, sociais, culturais e raciais. Polo tanto, non invalida o asoballamento nacional o feito da proximidade xeográfica, cultura e racial entre pobos. Unicamente pode ser un factor alienante máis, un factor hipnotizador, un factor ideolóxico, ao servizo do asoballamento, pero nunca pode ser unha xustificación deste.

c) A opresión económica: as colonias

Cando existe explotación económica da nación, a opresión nacional toma a forma de opresión colonial. Polo tanto, o asoballamento colonial inclúe, ademais da opresión cultural e a política, a opresión económica, as tres concatenadas, reforzándose mutuamente de maneira que a función da nación dominada, o seu grado de dependencia, o seu tipo de desenvolvemento e máis a

súa situación cultural e lingüística están determinados pola relación que garda coa metrópoli ou Estado colonial. A opresión económica, nestes países, concrétese en tres efectos fundamentais: sobreexplotación da forza de traballo, roubo do excedente económico, extracción de materias primas e, en xeneral, saqueo e destrago dos recursos naturais. En moitas ocasións estes fenómenos van acompañados dunha emigración provocada polos mecanismos da colonización, que, á súa vez, reforza o proceso de explotación das clases populares. Toda esta problemática está determinada por unha causa sociopolítica: a falla de soberanía real do pobo explotado, a carencia dunha clase dirixente autóctona con proxectos nacionais e, xa que logo, a función subordinada e dependente, a nivel político, dos centros de decisión imperialista. Fenómeno que, en última instancia, tamén se explica polo papel económico e cultural que desempeña o país na panorámica do mundo capitalista. O resultado global deste proceso de dominio concretízase no subdesenvolvemento xeneral da nación, na falta dunha articulación interna, mínimamente coherente, da súa economía, nos enormes desequilibrios sociais, xeográficos e sectoriais, na falta de cobertura mínima das necesidades colectivas, na progresiva desnacionalización dos medios de produción e das fontes de riqueza do país.

A este tipo de explotación económica capitalista, con rasgos tan específicos e consecuencias tan particulares, denomínaselle colonialismo. Logo, o colonialismo é unha forma típica, no noso tempo, de explotación capitalista, cunhas consecuencias claramente determinadas, que conforman unha realidade socioeconómica e política moi definida. Non se pode, consecuentemente, separar a opresión nacional nas

colonias da súa opresión económica, precisamente porque a opresión nacional concrétase, no seu caso, na opresión colonial cujos síntomas a nivel económico, político e cultural quedaron xa definidos. Compre, nembargantes, suññar que o que define a función colonial dunha nación é o papel que lle fai xogar o imperialismo, a articulación económico-social e política da nación oprimida respecto da metrópoli ou do Estado colonial, as consecuencias derivadas da funcionalidade denanterior.

Interesa non confundir dependencia ou subdesenvolvemento con colonización. Os dous primeiros termos van implicados no terceiro pero non á inversa. Cando hai clase dirixente autóctona, cunha base económica propia e coherente, nun área xeográfica determinada, vinculada máis ou menos a outras clases dirixentes foráneas por reparto de esferas de influencia ou acordo de intereses mutuos, de tal maneira que existe unha certa especialización da actividade económica, fundamentalmente a agricultura; cando o excedente económico, consecuentemente, non se invirte totalmente na zona xeográfica de onde se estrae, sinón nas áreas onde máis lle convén á clase dirixente autóctona e aos seus aliados; cando os valores culturais e lingüísticos destas zonas son utilizados polas clases dirixentes da metrópoli ou Estado colonial prá súa política de asimilación lingüística... Entón hai subdesenvolvemento, dependencia, atraso, pero non especificamente colonialismo. As tres características devanditas refórzanse mutuamente pero as determinantes pra catalogar unha zona de subdesenvolvida, son as dúas primeiras.

Non prestar a debida atención ao vencellamento entre a opresión nacional e a opresión económica leva a desviacionismos, que subestiman ou reducen aquela a

unha mera categoría cultural, sicloxista e, declaradamente, idealista. Nos casos coloniais, o problema nacional é un problema socioeconómico, político e cultural. Desvencellar liberación nacional de liberación social é, polo tanto, un mero xogo formal escolástico. Agora ben, tamén nos casos en que a opresión nacional seña soamente política e cultural existe problema económico. Isto é así porque a problemática económica vai unida a proxectos dunha clase burguesa autóctona, que manipula o problema nacional con intencionalidade non consecuentemente antiimperialista, ou ben remata por asociarse aos intereses das clases traballadoras da nación pra controlaren o sistema económico, discutindo os proxectos capitalistas que a privan de soberanía, contribuíndo así ouxetiva e solidariamente a combater a situación colonial doutras nacións irmáns.

En fin, con todas estas argumentacións queremos evidenciar que facer anatemas anticapitalistas en abstracto non significa discutir cómo se produce e qué consecuencias xenera o fenómeno capitalista pra cada nación. Non significa percurar o camiño político e organizativo axeitado pra lle dar golpes concretos e firmes en cada lugar. Significa manter actitudes idealistas que, considerando todo igual, anulan a fonda virulencia social e económica que dá especificidade a certos fenómenos políticos. Fenómenos politicamente diferentes, porque teñen un contido económico, social e cultural de seu, e independentes por necesidade ouxetiva de dar cabo á estrutura do capitalismo tal como se xenera e espalla nas súas variantes a escada mundial.

Un concepto cuio contido compre esclarecer pra unha correcta asunción do problema colonial é o de metrópoli. Efectivamente a metrópoli representa, por unha parte, un concepto político (marco administrativo e

institucional superior e dominante), por outra, un concepto socioeconómico (clase dirixente e dominante e estrutura de capitalismo imperialista), e, en terceiro lugar, un concepto cultural (língua e cultura asimilistas e colonizadoras). Polo tanto, esencialmente, a metrópoli está conformada por unha estrutura de poder, dentro da cal ou con respecto á cal funcionan determinadas áreas como coloniáis, outras meramente como dependentes e outras como desenvolvidas e normalizadas. Evidentemente, a estrutura metropolitán de poder conleva a vinculación económica, social e cultural das clases dirixentes a determinadas áreas xeográficas, a determinadas nacións, normalmente as desenvolvidas e coa súa cultura oficializada. Únicamente este concepto de metrópoli pode garantir unha definición materialista, marxista, das situacións coloniáis, de maneira que aparezan sempre como consecuencias específicas, na súa estrutura socioeconómica e na súa conformación cultural, da explotación capitalista. Nunca pode ser o criterio político-administrativo ou xeográfico o caracterizador da explotación colonial. Si ésta se fai a distancia xeográfica, por medio dunha situación administrativa e xurídica diferente, estamos diante dunha colonia clásica verbo dunha metrópoli clásica. Pero a explotación colonial pode facerse tamén a través dun Estado formalmente soberán da nación colonizada, estando entón diante do que se adoita chamar neocolonialismo. Se a colonia está dentro da propia área do Estado, con continuidade xeográfica respecto de áreas metropolitáns, sometida ás mesmas normas xurídico-políticas co resto, estamos diante de colonias que funcionan dentro da estrutura do Estado capitalista e colonial. En todos os casos colonialismo ao fin e ao cabo.

II. O FENOMENO COLONIAL NO MUNDO

II.1. A formación dos Estados modernos europeos

O xurdimento do capitalismo mercantil trouxo consigo un expansionismo imperialista cuas manifestación máis características foron a creación do chamado Estado moderno centralizado e a denominada colonización de territorios "salvaxes". Os dous fenómenos son produto da mesma mecánica económica e dos mesmos criterios políticos. Pódese dicir, pois, que o fenómeno imperialista é consustancial co fenómeno capitalista, inda que se manifeste de diversos xeitos e con consecuencias diversas, asegún as diferentes etapas do mesmo.

Na época da monarquía absoluta centralizada, o expansionismo imperialista é un arma dos grandes oligarcas nobiliarios dunha determinada nación pra concentrar o poder feudal nunhas cantas mans, proceso compatible cos intereses da burguesía comercial pra agrandar os mercados e as facilidades de comercio, derogando leises feudáis e aumentando as zonas de influencia económica. Sobre estas bases móntase a monarquía absoluta que, polo tanto, vai apoiada nunhas

determinadas clases sociais dunha nación, centro motor, corazón do Estado, da que se toman os valores culturais e lingüísticos, utilizados en forma asimilacionista. Eisí, no século XVI, vaise consolidando o proceso expansionista de Inglaterra coa promulgación da Act of Union por Enrique VIII, e o de Francia co Edicto de Villers-Cotterets por Francisco I. Dende este intre, pódese decir que existen o Estado inglés e francés, montados sobre o expansionismo imperialista de Inglaterra e Francia. Primeiros Estados europeos modernos claramente construídos a partires deste proceso de concentración de poder, e de opresión dunhas nacións por outras.

No caso do Estado Español, a unidade dos Reises Católicos consistiu nunha simple unión típicamente feudal, é decir, persoal, cúa institucionalización política non podía ocultar as grandes diverxencias económico-sociais e culturais dos reinos peninsulares. O expansionismo castelán, dirixido pola nobleza latifundiaria e pola Igrexa, fora unha realidade dende fins da Edade Media e, neste proceso, dominouse ao Reino de Galicia. Cos Reises Católicos chégase ao fito final do dominio, aparecendo, dende entón, Galicia sempre asimilada a Castela, pero sin os seus dereitos. Respecto dos outros reinos peninsulares, practicamente dende os Reises Católicos hastra o século XVIII, perviven as súas distintas institucións políticas (Consellos de Castela, Aragón-Catalunya e Nafarroa, ao fronte dos cales estaba un virrei ou delegado do monarca). A unión estrutural do Estado Español chega cos Borbóns no século XVIII, sendo fundamental neste sentido o Decreto de Nueva Planta de 1707, que se aplicou á Confederación Catalano-Aragonesa, castelanizando as súas leises e foros, privándoa das súas institucións peculiares, deixando exclusivamente o Consello de Castela. Esta unidade

estructural foi completada pola unidade político-administrativa levada a cabo polos gobernos liberáís ao longo do século XIX. A unidade do Estado Español foi, polo tanto, un proceso diferente con respecto a cada nación dominada. Un proceso lento, contradictorio e levado adiante cuns presupostos nidiamente feudáís, de base agraria, característicos dunha gran potencia dirixida polos intereses dunha Casa nobiliaria real que se movía a nivel europeo, como foi a Casa de Austria, primeiro, e os Borbóns, na etapa de decadencia.

O expansionismo colonizador da monarquía española, primeiro, en Canarias e, despois, en América, proiectouse con esquemas sociais castelán-andaluces: reparto de terras, xuntamente con indíxenas, entre os colonos, pra a súa explotación. A "aventura" americana tivo, nunha primeira fase, o efecto paradoxico de consolidar, aínda máis, o sistema feudal que de erosionalo. Prodúcese o ennoblecemento dos novos ricos, o aumento do luxo das clases nobiliarias, o pago de deudas da monarquía aos banqueiros polos préstamos recibidos co fin de levar adiante as guerras imperialistas, a emigración provocada e interesada a América, pero non hai unha evolución normal cara o capitalismo industrial das incipientes manufacturas... O imperialismo castelán-andaluz en Canarias e nas Antillas levouse a cabo con todas as características dunha guerra de rapiña e esterminio, deica o extremo de desaparecer toda a poboación autóctona e os seus valores culturais e lingüísticos, nun corto espacio de tempo.

A unidade política do Estado centralizado, feita en todos os casos pola forza, é decir, con medidas claramente coercitivas, veu darlle base material ao aproveitamento que fixo a burguesía, sobre todo dende o século XIX, das posibilidades que ofrecía o mercado

interno unificado. O intre en que, precisamente, a burguesía industrial está en disposición de discutir o poder político exclusivo da nobreza e as formas que tiña tomado. Entón, a monarquía absoluta deixa de selo, pra se converter en monarquía constitucional, ou ben pra fenecer diante da República, expresión formal pura da nova correlación de forzas. A ideoloxía unitaria e imperialista queda lexitimada con novas argumentacións basadas no valor abstracto da igualdade, da uniformidade e da liberdade individual. A glorificación do sistema de competencia, dos dereitos individuais, das grandes unidades, considerados valores máis racionais, danlle unha xustificación máis "progresiva" á explotación e ao papel subordinado de certos pobos e ao asimilacionismo cultural e lingüístico. A burguesía preséntase como salvadora das grandes masas fronte ao despotismo feudal e como a forza social capaz de facer entrar, a todos os pobos na órbita da civilización. A civilización ven representada polo capitalismo da Europa Occidental, os valores do home e da humanidade, polos valores burgueses europeos.

Desta maneira, a política imperialista intenta, nos casos máis racionais, xustificarse como un favor mutuo de tipo económico (cada un se especializa nunha determinada produción, na que posee ventaxa relativa) e sae beneficiada a humanidade globalmente. A mirada superior, distanciada e paternal, sobre as formas de goberno feudais de África e Asia xustificárian moralmente a subordinación e mesmo a destrución dos sistemas políticos e culturais dos pobos non europeos, incapaces de accederen por si mesmos ao status do capitalismo. Naturalmente, esta xustificación abstracta e ideal non pode ocultar os rasgos reais da colonización de países como a India, a penetración en China, o xenocidio dos

indios americanos... O imperialismo plenamente burgués e capitalista conformou a idea do home branco e europeo como home superior, intelectual e politicamente falando, chegando, nos casos máis extremos, á mesma consideración no terreo biolóxico. Dentro dos Estados imperialistas europeos, os prexuízos e as teimas, xeneralizados a nivel popular contra determinados pobos, que foron anexionados e esmagados pola forza, son unha primeira manifestación do espírito discriminador que late baixo toda forma de unidade imperialista. E así se explica, por exemplo, o teimudo antigaleguismo que se espallou por toda Castela e Andalucía, e mesmo no seo do noso pobo, dende o século XV hastra hoxe.

A característica fundamental do sistema de relacións que se establece, consiste na glorificación dun idealismo que xustifica todo tipo de relacións disimétricas (oposición de clases, opresión de pobos, diferencias culturais e lingüísticas, etc.), en nome do establecemento dunha unidade e igualdade xenéricas, cuxa percura se xustifica dende unha correlación de forzas que se dá como racional, como natural, sin que se poidan interferir ou discutir. Veleiquí a raíz da lexitimación de toda a realidade burguesa e imperialista.

II.2. O imperialismo europeo e as colonias de ultramar

Dende que escomenzou a expansión do imperialismo europeo polo mundo, a fins do século XV, a colonización de amplas áreas xeográficas e culturais, por parte das grandes potencias, foi repartíndoo de maneira que, en moitas ocasións, as colonias son unha proiección cultural e lingüística, por vía asimilacionista, das metrópolis. En todos os casos, as consecuencias pra os países coloniáis son inseparables das características da potencia agresora. E así, na época do capitalismo comercial, o espolio dos países coloniáis consiste no esterminio ou escravitude dos propios indíxenas en función da explotación de metais preciosos ou do roubo directo das terras, consiste na apertura de novos mercados que se monopolizan e utilizan, con clara ventaxa prá metrópoli. Este sistema de espoliación configura ás chamadas colonias de poblamento do Novo Mundo.

Nos albores do capitalismo, esta colonización veu reforzar sustancialmente o proceso de acumulación orixinaria na metrópoli, provocando, ao mesmo tempo, o

proceso de subdesenvolvemento das colonias, que quedan claramente determinadas na súa evolución futura, por este feito. De todos os xeitos, neste colonialismo incipiente, as metrópolis non fixeron máis que prolongar as súas relacións de produción, adaptándoas. Este é o motivo de que Latinoamérica quedara moi vencellada a un sistema social cheo de connotacións feudais, mentras que Norteamérica foi un lugar de experimentación do expansivo capitalismo británico que, aínda enriba, se atopou sin a hexemonía político-institucional das grandes familias nobiliarias. A maneira de asentárense os ingleses foi creando unha base económica e social que os vencellaba a proxectos decididamente pensados cunha perspectiva americana. Está claro que a expansión cara o Oeste foi prantexada como unha necesidade das colonias asentadas na costa atlántica. Todo provocou que a independencia xa se sentira como unha necesidade no derradeiro coarto de século XVIII, obtendo éxito axiña. Foi fundamental, pois, a chegada de homes e capitais, a acumulación destes na propia colonia, a configuración duns valores e dunha mentalidade típicos do capitalismo, a expansión da fronteira dende perspectivas propias da sociedade colonial, a existencia de terras "libres" pra se asentaren, espulsando ou esterminando aos indios... Ademais, establecéuse unha importante zona agrícola, coa utilización da escravitude, que cumpriu o papel asignado polo capitalismo industrial norteamericano pra o seu propio desenvolvemento.

O caso de América Latina é diametralmente oposto. Introducíronse e perpetuáronse as estruturas feudais, inda que nun marco de economía mercantil; o vencellamento da sociedade crioula coa metrópoli durou máis; os emigrantes asentáronse en lugares determina-

dos como enclaves; subsistiu unha parte da poboación indíxena, por propia necesidade da estrutura económica baseada na existencia dunha man de obra barata, xa xornaleiros, escravos ou man de obra servil. Este tipo de colonización configúrase en función da esportación de determinados produtos de orixen agrícola, materias primas e alimentos, orientando a súa economía de cara afora e carecendo dun mercado interno en expansión, con ausencia dunha burguesía industrial. Estas características fan depender as devanditas colonias da potencia imperialista, que domina o mercado exterior. Esplicase así que se pasara da órbita española á órbita británica, primeiro, e á norteamericana, despois, conforme foi aparecendo a nova potencia imperialista hexemónica. Namentras que pode decirse que a colonización norteamericana non contou con ningunha base precapitalista, nin siquiera culturalmente falando, no caso de América Latina incrustouse a colonización sobor de ou á beira dunha estrutura socioeconómica e cultural precapitalista. Esta é a causa de que a língoa e cultura de Norteamérica señan proieccións literais dunha língoa e dunha cultura europea. En tanto que, na América Latina, perviven línguas e culturas precapitalistas autóctonas, a carón de línguas e culturas europeas de tipo latino, aínda hoxe cuantitativamente minoritarias nalgúns casos (Bolivia, Paraguai, Colombia, etc.)

As bases sobre as que foi asentada a "nación" norteamericana, prepararon axeitadamente o camiño pra unha futura expansión imperialista, xustificada en nome de novas coordenadas ideolóxicas: defensa da liberdade, do espírito de competencia, da modernidade, dos febles... Coordenadas ideolóxicas que enmascararon sempre ao imperialismo norteamericano dende o intre mesmo do nacemento da nación. Así actuaron na

expansión cara o Oeste, na guerra contra de México, coa anesión dunha parte do seu territorio, na guerra contra de España, coa anesión de Puerto Rico, Filipinas, Guam e, na práctica, Cuba. No século XX, os USA amosáronse abandeirados do dereito de autodeterminación en África e Asia, como última medida de protección aos seus intereses, apoiando saídas neocoloniáis. É, pois, a gran potencia imperialista de hoxe, un produto requintado cuido berce está no vello capitalismo e cultura anglosaxóns.

Australia, Nova Zelanda e máis o Canadá anglófono son, con todas as salvedades, casos similares aos de Estados Unidos, poló seu orixen e o seu proceso de desenvolvemento. En contraste, a India, Pakistán, Indochina, a meirande parte de África, etc. foron colonizados, agredindo a súa cultura sin acabar de destruíla, deteriorando e subordinando as súas economías precapitalistas sin cubrir o valeiro cun capitalismo forte, facéndolles cumprir unha función subsidiaria dos intereses económicos metropolitanos, mantendo institucións represivas e exércitos de ocupación pra dominar á poboación autóctona, aliándose coas oligarquías máis reaccionarias da vella sociedade indíxena. O capitalismo entróu como fenómeno foráneo e aliado aos sectores mais caducos da sociedade agredida. Este é o caso normal, corrente, de todas as colonizacións habidas no mundo. Non deixa de ser ben chamativo o caso do Xapón, único país cunha estrutura feudal tradicional moi forte, que, gracias a non ter sido colonizado, evolucionóu cara o capitalismo, convertíndose a súa vez nunha gran potencia imperialista.

II.3. O neocolonialismo

Dende comenzos do século XX, especialmente dende a Revolución Rusa, produciuse a recuperación da soberanía política de moitas colonias que, deica entón, estiveran dominadas explícitamente por un exército e unha administración estranxeiros. Este fenómeno, que foi en ascenso de vagariño pero constantemente, en África e en Asia, produciuse por un despertar dos pobos colonizados a unha conciencia nacional antiimperialista, que fixo vellos os métodos do colonialismo tradicional.

Efectivamente, a dominación económica, na fase do capital monopolista, non ten necesidade forzosa do dominio político directo pra poder estar garantizada. Nesta época, a integración económica da sociedade dominada no sistema do capitalismo mundial manténse polo propio grado de introducción interna deste, quedando a economía autóctona tradicional sin defensas e sin resistencia frente á nova mecánica dominante. Polo tanto, hoxe é determinante a configuración do sistema a nivel internacional pra podermos explicar que non seña necesaria xa a aberta dominación e violentación política, máis que de cando en vez. Hai unha serie de institucións

"ad hoc" pra manter a dependencia financeira da nova nación "independente" (F.M.I., Fondo Monetario Internacional; B.M., Banco Mundial, etc...) As alianzas políticas e militares, apresentadas cun carís supranacional, sirven pra manter zonas de influencia económica (OTAN, SEATO, Tratados bilaterais de defensa mutua...). As relacións comerciais continúan a ser claramente disimétricas e, polo tanto, manteñen á nova nación no subdesenvolvo e a dependencia (monocultivo, troca desigual...). O capitalismo imperialista impón a dependencia tecnolóxica e novas formas institucionais moito máis poderosas, como son as empresas multinacionais. En fin, a integración aparentemente "espontánea" da economía dependente semella selo polo propio funcionamento natural do sistema.

Nembargantes, a concesión da soberanía formal é, en todos os casos, un arma pra neutralizar os movementos independentistas revolucionarios, utilizando pra eso forzosamente a unha parte do corpo social interno á colonia, integrado na mecánica do capitalismo dependente, creado polo sistema imperialista. A existencia deste sector social, denominado burguesía "nacional" ou intermediaria, esixe e fai posible afortalar a dominación por métodos distintos aos tradicionais, é dicir, deixando o protagonismo político pra as novas clases dirixentes autóctonas, que polo seu orixen, artellamento económico e vinculación ideolóxica co imperialismo, serán sempre a garantía de manter a situación cunha apariencia menos descarada. No nacionalismo independentista, polo tanto, hai sempre un xogo dialéctico, entre aquel que vai ao corazón do imperialismo e aquel que xoga dentro dos seus presupostos. En todo caso, e recurrido sempre a facermos todo tipo de desenmascaramentos, non se

pode defender nunca á potencia imperialista fronte ao nacionalismo, seña cal for o seu carácter.

As clases dirixentes destes "novos" Estados educáronse na lingua e cultura do imperialismo; síntense estrañas diante da súa propia comunidade; participan das pautas de conducta e da ideoloxía típicas da gran burguesía imperialista. A imaxen, a lingua, as simpatías de Hussein, Hassan, o Sha de Persia, Burguiba, Marcos, os militares latinoamericanos, por non faláremos dos blanquísimos, anglosaxóns ou xermánicos, de Rhodesia ou da Unión Sudafricana, denuncian toda a vinculación psicolóxica e cultural destes dirixentes co mundo imperialista. Pese a todo, o imperialismo tivo que recurrir, ademais de á represión continua do movemento nacionalista, ao asesinato directo de moitos dos seus líderes populares, pra poder endereitar unha saída neocolonial. O asesinato de Lumumba no Congo, de Amílcar Cabral na Guinea Portuguesa, o golpe de Estado contra Kruma, en Ghana, a liquidación da esquerda en Indonesia, non fan máis que lembrar o fusilamento de Connolly e a represión contra dos milleiros de nacionalistas portorriqueños, irlandeses corsos, indios..., torturados e masacrados no mesmo corazón do chamado mundo libre, moderno e civilizado.

II.4. O colonialismo na Europa Occidental*

Realmente, o primeiro lugar onde as nacións foron asoballadas foi, lóxicamente, no berce do capitalismo, é dicir, na Europa Occidental. É significativo o gran número de nacións oprimidas ou colonizadas, dende hai moitos séculos, neste relativamente pequeno espacio xeográfico que é Europa.

Deixando aparte as minorías laponas, as minorías da Illa de Faer e Man, do Cornualles inglés, e así como a minoría retorrománica suíza, e os casos dun Estado como o belga, con dúas nacións reconecidas, inda que non sobre presupostos totalmente igualitarios, de Sicilia, por ser delicada e difícil a súa caracterización, as nacións dominadas por Estados imperialistas son numerosas. Escocia, Gales, Irlanda (unha parte formalmente independente, en situación neocolonial, e a outra abertamente colonia británica, o Ulster), están oprimidas

* Este epígrafe recolle unha lixeira información sobre a situación política das nacións asoballadas da Europa Occidental. Feito sin afán erudito, o seu oxetivo é ofrecer aos lectores unhas cantos datos, normalmente desconocidos, que evidencian a universalidade e forza do problema nacional.

por Inglaterra. Bretaña, Occitania, Córcega estanno polo Estado francés. Catalunya e máis Euskadi, repartidas entre e dominadas por os Estados francés e español. Cerdeña, polo Estado italiano. Galicia, exclusivamente polo Estado Español. A nación friulesa, dividida e oprimida por Italia e Iugoslavia. Frisia, entre Holanda, Alemania Federal e Dinamarca. O caso canario deixámolo aparte por consideralo unha nación africana. A esta diversidade nacional habería que engadir o problema creado pola grande cantidade de emigrantes que reciben países desenvolvidos e industrializados, como Alemania Federal, Francia, Suíza, nos que habitan milleiros e milleiros de italianos, portugueses, galegos, españois, etc.

Todo o devandito amosa que o problema nacional, na Europa Occidental, é a norma e non a excepción, como corresponde a unha das secuelas da creación dos Estados capitalistas. A gran forza do problema e a súa importancia pra unha política medianamente progresista obrigou a que os Estados socialistas da Europa Oriental reconeceran formalmente as nacións que os integran, inda que o problema, tamén aquí, esteña realmente lonxe de terse solucionado. O caso ucraniano, tártaro, lituano, etc. na URSS, o problema checo e eslovaco, o problema croata... indican as tensións con que se vive o problema aínda na área socialista.

Escocia, con arredor de cinco millóns e medio de habitantes, mantén a súa língoa nacional, o gaélico escocés, nun estado de deterioro e cuantitativamente moi reducido (falado polo arredor do dous por cento da poboación). Dende 1.934, Escocia conta cun Partido Nacionalista Escocés que é hoxe, polo número de afiliados, o maior partido político do país, cun ascenso

electoral crecente, inda que o sistema electoral, baseado nos colexios uninomináis, ademáis das manipulacións da opinión pública por mor dos medios de comunicación, e as grandes promesas dos partidos estatáis, faga que o SNP non saque o número de deputados en correlación co número de votos. O modelo do SNP é o da socialdemocracia escandinava. Defende a independencia de Escocia dentro do ámbito da Commonwealth, reclama un posto de membro na ONU. Verbo da língoa nacional, a posición do SNP é claramente culturalista e arqueoloxista: protexer o gaélico, pero a língoa oficial será o inglés como en USA ou Australia. A adhesión ao SNP ven das clases medias e dalgún sector obreiro. De todas maneiras, o nacionalismo máis radical está empezando a perfilarse en movementos de opinión como "The Scottish Patriots" e "The 1320 Club", inda sendo asociacións claramente intelectualistas e profesionáis, ambas as dúas favorables á mobilización da conciencia colectiva. Hai un movemento armado que é o APG (Army of Provisional Government), organización paramilitar de contido socialista, en canto que trata de liberar Escocia non soio dos ingleses sinón tamén do capitalismo. Existe o Partido Laborista de Escocia, cúa alternativa é actuar con métodos electoráis e extraelectoráis, polo que persigue un acordo orgánico co APG, tomando o modelo irlandés do Sinn Féin-IRA. O Workers Party of Scotland (m-l) é un partido maoísta moi enraizado co pensamento marxista indíxena escocés; trátase dun partido pequeno pero combativo, que está a promocionar unha especie de Asamblea Escocesa, á maneira de Parlamento non oficial, no que se daría a alianza dunha serie de sectores e asociacións populares. O movemento contra da integración de Escocia no Mercado Común é amplamente maioritario. Esta panorámica é inda hoxe máis complexa, agudizada e

problemática coa aparición de petróleo no Mar do Norte.

Gales, moi próximo aos tres millóns de habitantes, ten como lingua nacional o galés, actualmente falado por perto do trinta por cento da poboación. No País de Gales existen numerosas asociacións en defensa da lingua, a cultura e a economía nacionais, moitas veces claramente reprimidas polo Goberno Británico, e con audiencia entre estudantes, pastores e labregos. Os sectores sociais de Gales agrúpanse ideolóxicamente nun espectro que vai dende o separatismo desesperado hastra un levián autonomismo. O Partido Nacionalista Galés medróu, despois da segunda guerra mundial, dunha maneira notable. É o partido con máis afiliados despois do laborista, xogando tamén elquí o sistema electoral e os medios de comunicación negativamente prá causa do nacionalismo. O Plaid Cymru está pola independencia política nacional no ámbito da Commonwealth, por un posto de membro na ONU, pero con maior radicalización que o SNP na defensa da lingua e cultura propias. Tamén o seu modelo social é Escandinavia. A esquerda do Plaid Cymru existen movementos que defenden a necesidade da resistencia armada, como o Exército de Gales Libre, aliado co IRA irlandés, e á súa vez cun pequeno partido, Patriot Front, que ten existencia legal. As organizacións armadas están mal vistas e condenadas polo Plaid Cymru. Á percura dunha definición claramente socialista e independentista, están, dende 1.970, a nacer grupos como o Partido Republicán Galés ou o Gales Roxo, encamiñados a non deixar absorber o nacionalismo polo sistema. O carácter colonial de Gales está marcado precisamente por fenómenos como a desarticulación da súa economía, a espoliación dos seus recursos hidráulicos, a esportación de man de obra, a falta de

burguesía nacional, etc. Isto explica o carácter radical e combativo do nacionalismo, inda que lle falte introducción dentro dunha clase obreira, reproducida por unha industrialización clara e decididamente vinculada a proxectos anglófilos, coa falta de perspectiva claramente socialista.

Irlanda leva loitando contra o colonialismo inglés dende fai trescentos anos. Xa en 1.791 se fundou un movemento republicán irlandés pra conseguir unha república democrática independente. Inda en 1.841, contando Irlanda con oito millóns de habitantes, a meirande parté deles seguían a falar gaélico. Dende 1.846 a 1.851 emigraron un millón de persoas, e outro millón e medio morreron de fame e miseria. En 1.916, os movementos republicáns e proletarios uníanse pra proclamaren pola forza unha República Irlandesa Independente, sendo dazaséis dos seus dirixentes executados, entre eles o héroe nacional, James Connolly. Inda eisí, en Nadal de 1.918, o pobo irlandés proclama a República pola súa conta, establecéndose un Parlamento democrático en Xaneiro de 1.919. Entón Inglaterra declara á República ilegal, lanzando unha agresión violenta contra Irlanda, valentemente defendida polo Exército Republicán Irlandés. O Parlamento de Westminster preparou unha Lei de Goberno de Irlanda que dividía a nación en dous Estados, facéndose realidade en 1.921-22. Vinteseis condados convertíronse nun Estado independente de tipo neocolonial, dominado social, económica e culturalmente por Inglaterra (a Irlanda de Dublín). Cos seis condados restantes, maniobrando co sector anglosaxón e protestante, formouse unha provincia dependente de Inglaterra, o Ulster, de maneira que os republicáns

nacionalistas non foran máis que un tercio da poboación. Dende entón, o Goberno inglés e o de Dublín utilizan todo tipo de leises represivas contra os republicáns nacionalistas, coordinando as súas policía e patrullas militares nas rexións fronteirizas e mantendo centenas de prisioneiros políticos en condicións inhumanas. O desemprego é hoxe o máis alto en Europa. O 5% da poboación posee o 70% da riqueza. O vello IRA irlandés ten hoxe varias ponlas, unhas de tipo armado e outras de actividade organizativa e de masas. O problema de Irlanda é un problema de colonialismo vello estilo, no norte, e de colonialismo novo estilo, no sur. Nun século, pese ás medidas cooficialistas da Irlanda de Dublín, o gaélico quedou reducido ao 5% da poboación. Veleiquí o que dan de sí as políticas cooficialistas, inda máis nun contexto colonial.

Bretaña, con arredor de tres millóns de habitantes e tendo como língoa nacional o bretón, actualmente falado aproximadamente polo 30% da poboación, conta polo menos con oito partidos políticos autóctonos. Algúns deles son claramente autonomistas, isto é, rexionalistas, como o MOB (Movemento pola Reconstrución de Bretaña), e outros máis claramente nacionalistas, como a Unión Democrática Bretona (UDB), xurdida á esquerda do MOB no ano 1.963, inda que é claramente federalista e mantén alianzas co Partido Laborista de Escocia. O Frente de Liberación de Bretaña (FLB), conta coa axuda do IRA irlandés, foi claramente reprimido polo Goberno francés, preconiza a loita armada pero non ten unha ideoloxía definida nin un programa político. En Bretaña, o nacionalismo móvese no eido do socialismo humanista e teñen un gran peso os partidos estatistas tanto da esquerda como da dereita.

Os feixistas bretóns son claramente francesistas e non bretonistas, ficando soio un cativo grupo de herdeiros espirituais do colaboracionismo nazi, claramente anclados nun idealismo racial celtista, sin ningunha incidencia na opinión pública e no movemento nacionalista no seu conxunto. A mediana e pequena burguesía están afrancesadas e ocupan postos na administración parisiña. Non existe gran burguesía; a clase obreira é feble e milita maioritariamente nos partidos e sindicatos da esquerda francesa. A gran masa labrega, mariñeira e de pequenos comerciantes móvese aínda no espontaneísmo e no economicismo, sin claros vencellamentos co movemento nacionalista bretón. Outro caso claramente colonial como o de Gales.

Occitania, cunha poboación de caseque doce millóns de habitantes, ten como língoa nacional o occitano, falado actualmente polo 10% dos habitantes. Hai movemento nacionalista dende despois da segunda guerra mundial, con base especificamente intelectual, constituindo en 1.959 un partido confuso, pero combativo, que foi o Partido Nacionalista Occitano. O intelectualismo culturalista conformou a denominada COEA (Comité Occitano de Estudo e Acción), dirixido por Robert Lafont, sempre dabondo inxenuo como pra estar subordinado politicamente a partidos da esquerda francesa (PSU), polo que acabou morrendo en 1.971 pese a súa frenética actividade cultural. Xurde, entón, Lotta Occitanica, que defende a descolonización total occitana como parte da loita mundial contra do imperialismo. Curiosamente, tamén o Partido Nacionalista Occitano está evolucionando cara posicións leninistas. A represión da policía francesa contra do movemento occitano fíxose especialmente evidente co gallo das

manifestacións de protesta pola transformación en base militar de 17.000 hetáreas, ocupadas por 123 empresas agrícolas, o que conlevou a destrución dun patrimonio ovino de 23.000 cabezas. Esta foi a primeira vez en que Lotta Occitanica dirixiu aos labregos, pastores e parados da bisbarra.

Córcega, asoballada polo Estado francés, o máis significativo que se pode decir dela, é que, sendo, en 1.885, 280.000 corsos, son hoxe 110.000 no interior. Cantidade similar a esta derradeira corresponde aos habitantes de orixen estranxeiro, convertíndose así esta nación nunha clara colonia de poboamento, mentras que, paradóxicamente, existe unha fortísima emigración da poboación autóctona. A situación económica é tamén ben sintomática: monocultivo da vide, polos colonos "pieds noirs", e a rapiña turística das grandes sociedades foráneas, que viñeron destragar unha agricultura e unha industria, claramente diversificadas no século XIX. Hoxe, 378 viticultores estranxeiros poseen a meirande parte das terras, acadando o 90% da produción global, mentras que 3.922 agricultores corsos poseen pequenas propiedades que non producen máis do 10% do global. A posición dos partidos franceses de dereita e esquerda é claramente colonialista. O corso non ten presenza nin na escola nin na vida social, existindo un dominio idiomático do francés de tipo diglósico colonial. Cun forte rebulir nacionalista, debido á situación colonial e ao exacerbado asimilacionismo francés Córcega conta cun partido autonomista radical, encabezado polo Doctor Simeoni, e outro inequívocamente independentista que é o FLNC (Frente de Liberación Nacional Corso). Compre ter en conta que Córcega, despois de séculos de loita contra dos invasores

(españóis, árabes, italianos), en 1.755 conseguiu a independencia, baixo a forma de República, sendo o seu presidente Pascale Paoli, elexido pola Consulta de Casa Bianca. Contou cunha Constitución, antecedente e modelo da francesa e americana posteriores, na que se introduciu, por primeira vez no mundo, o sufraxio universal. Realmente Córcega non lle debe nada a Napoleón.

Cerdeña, cunha poboación de 1.500.000 habitantes, mantén a súa língoa nacional, o sardo, falada polo 85% da poboación. Esta oprimida polo Estado italiano, que a considera unha rexión autónoma, con Estatuto. A primeiros do século XX, formouse o Partido Sardo de Acción, mistura ideolóxica de moitas correntes, rexionalistas e separatistas, liberáís e socialistas, polo que, dende 1.948, hai abertas tensións escisionistas. De todas as maneiras, foi o único partido auténticamente sardo, na escea política da Illa, durante moitos anos. Dentro del foi aparecendo unha corrente pro-independentista, dirixida pola figura de Antonio Simón Mossa, morto no 1.971, xurdida a raíz da ineficacia da autonomía rexional concedida polo Estado italiano. A corrente de Simón Mossa fíxose maioritaria democráticamente no seo do PSDA en 1.968, defendendo unha República Federal en vez de autonomía. A nivel de organizacións de masas contan con movementos sindicalistas como o ARPAS (Asociación Rexional de Pastores), ademais de estarse consolidando unha especie de central sindical sarda fronte ás centrais estatáís. Hai moitos movementos clandestinos abertamente independentistas, de tipo católico, socializante, frentista, todos eles integrados no Fronte Nassionale de Liberassione de Sardigna, que defende a loita armada contra do imperialismo mundial.

o colonialismo italiano e a clase intermediaria sarda. Partindo destes presupostos ideolóxicos, a recente fundación de "Su Populo Sardo" parece indicar a existencia dun partido comunista patriótico en Cerdeña.

Os Paisos Catalans, cun total de 8.500.000 habitantes, a súa língoa nacional é o catalán, falado polas tres cuartas partes da poboación. Un cativo anaco do país, con perto de 300.000 habitantes pertence ao Estado francés, o resto ao Estado español, agás arredor de 20.000 que habitan o que se chama Estado Independiente de Andorra. Nos Paisos Catalans distínguense as seguintes áreas: O Rosellón, o Principado de Catalunya, o País Valenciá e Les Illes. Dende finais do século XIX, o Principado contou cun movemento nacionalista, dirixido pola pequena e media burguesía, con forte audiencia popular, cuas reivindicacións se plasmaron, primeiro, no Estat Catalá de Maciá, ao tempo que se proclamaba a Segunda República española, e despois, na autonomía do 1.932, primeira das concedidas e practicadas no Estado Español, que durou deica 1.939. Na época da República, configúrase, como forza política fundamental do Principado, Esquerra Republicana de Catalunya, mentras que no País Valenciá denominaba o republicanismo pequeno-burgués españolista, inda que existiran algúns grupos republicáns valencianistas. En canto á tradición marxista, no 1.935 fundouse o POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista), e en 1.936 diversas agrupacións comunistas e a federación catalana do PSOE formaron o que, dende entón, se denomina PSUC (Partido Socialista Unificado de Catalunya), namentras que Valencia, Baleares e o Rosellón permanecen ao marxen da autoorganización nacional. Na actualidade, o catalanismo redúcese a un

movemento autonomista burgués ou á fasquia de grupos sucursalistas, cunha grande importancia no proceso democratizador á europea do Estado Español, como poden ser o PSUC-PCE e o PSC-PSOE. Nunha posición socialista e nacionalista, esto é, independentista, cabe destacar a aparición en 1.968 do PSAN (Partit Socialista d'Alliberament Nacional dels Paisos Catalans), hoxe escindido en dúas ponlas: PSAN-P e PSAN. No caso do País Valenciá, as sucursais dos partidos españois son dominantes, inda que hai unha corrente socialista e nacionalista en auxe.

Euskadi, con perto de 3.000.000 de habitantes, ten como língoa nacional o euskara, actualmente falado pola cuarta parte da poboación. O 90% dos bascos viven baixo o Estado Español, o resto baixo o Estado francés. E decir, Navarra, Alava, Bizcaia e Guipuzkoa forman parte do Estado Español, constituindo Euskadi Sur. Baxe Navarra, Ziberoa e Lapurdi, baixo o Estado francés, forman Euskadi Norte. O PNV (Partido Nacionalista Basco), que conseguiu o Estatuto no ano 1.936, en plena guerra civil, representa o basquismo tradicional e ten forte implantación na pequena burguesía, os labregos, os mariñeiros e o clero. Trátase máis ben dun movemento autonomista, que nacionalista. Precisamente ETA (Euskadi Ta Askatasuna) aparece como sigla ao principio de 1.959, definíndose como movemento patriótico, aconfesional e democrático. No 1.962 preséntase xa como movemento revolucionario basco de liberación nacional. Dende 1.967, houbo varias escisións, que deron lugar a desviacións de carácter españolista, sempre baixo roupaxes ultramarxistas. Cun protagonismo indudable de loita patriótica e antifeixista, que debilitou de maneira notoria ao franquismo, ETA quedou

convertida nunha organización exclusivamente militar, que non dou artellado, no intre oportuno, un partido político revolucionario e nacionalista en Euskadi. A falta de alternativa política axeitada fixo que, tendo o nacionalismo popular grandes simpatías na poboación, a nivel sindical o españolismo de esquerdas teña unha introducción importante, ao tempo que a hexemonía, tanto a nivel político como nas organizacións de masas, continúe a ser do PNV (considérese a grande importancia da central sindical ELA-STV). Os partidos abertzales, claros herdeiros da loita de ETA a este nivel organizativo, son EIA, HASI e LAIA. En Euskadi Norte, o movemento político nacionalista está representado por Enbata, nome dun xornal dende 1.960. A partires de 1.963 pasou a ser nome do partido. Sempre estivo relacionado orgánicamente con ETA e, dende 1.972, abandonou o equívoco federalismo europeísta que o caracterizaba. Zona colonizada polo Estado francés, o movemento nacionalista de Enbata conta cun certo apoio labrega mariñeiro e intelectual. A pequena burguesía, vencellada ao sector turístico, élle moi hostil.

Friul, con perto de 1.000.000 de habitantes, situado entre Italia e Iugoslavia, forma parte do Estado italiano do que constitúe unha rexión autónoma. Conta cunha lingua nacional, o friulano, actualmente falado polo 70% da poboación, lingua de orixen románico amenazada seriamente pola influencia do italiano. O movemento político nace en 1.966 co nome de Movemento Friuli, encetando unha intensa campaña contra do desastroso estado da economía do país, a súa espoliación económica, a súa militarización, e a prol dos seus dereitos lingüísticos. Inda é un movemento falto de contido ideolóxico preciso, que se move nun tépedo socialismo.

Frisia, con 2.000.000 de habitantes, conta co frisón como lingua nacional, falado polo 20% da poboación. 1.250.000 habitantes pertencen ao Estado holandés, 749.000 ao Estado alemán, e 1.000 ao Estado danés. A reivindicación da nacionalidade Frisia ten un carácter eminentemente cultural, aparecendo o seu carís máis político na parte holandesa. En 1.965 creóuse o Partido Nacionalista Frisón, precisamente na parte devandita, que se amosa como democrático e federalista. Hai algunha tendencia comunista e nacionalista, sobre todo entre os estudantes (Movemento Sonde, revista publicada en Amsterdam, que vencella a opresión económica á opresión nacional). Dende logo, danse todas as condicións ouxetivas pra un movemento nacionalista revolucionario: desemprego, emigración, crisis da agricultura, colonización industrial, perda progresiva da identidade nacional, etc.

De todos os casos espostos hastra eiquí, pódense tirar unhas conclusións xeneráis, moi ilustrativas, sobre o carácter da opresión nacional na Europa Occidental e as fondas motivacións dos movementos nacionalistas.

A primeira delas é que o problema nacional ten unha tal amplitude en Europa Occidental que, practicamente, cáseque ningún Estado (soio Portugal e Islandia) é alleo ao problema.

A segunda das conclusións é que, polo regular, a totalidade dos casos analizados son colonias ou áreas subdesenvolvidas, con forte emigración, respecto do Estado imperialista. As excepcións relevantes son o Principado de Catalunya e Euskadi Sur.

Terceiro, en todos os casos, houbo unha forte represión nun período histórico determinado por parte da nación imperialista, conformadora do Estado moderno,

pra dominar á nación asoballada. Hoxe, fronte aos movementos de liberación nacional, a represión imperialista coa súa persecución a morte é unha constante en todos os Estados europeos autotitulados democráticos, estando incluso, nalgúns deles, explicitamente prohibidos os ataques á "unidade da patria" no Código Penal e mesmo na Constitución. Eisí, en Francia, prevénse penas de hastra dez anos de cadea por cuestionar a estrutura unitaria do Estado. En Inglaterra prodúcense cadeas de catro a vinte anos contra dos nacionalistas galeses e asesínase despiadadamente nas rúas aos patriotas irlandeses. A represión é violenta contra dos corsos. No Estado Español, curiosamente, as únicas forzas políticas sin legalizar son as verdadeiramente nacionalistas, ou ben as que atoparon máis atrancos pra legalizárense.

Coarto, todos estes movementos pasaron por unha etapa á procura dunha definición e dunha práctica que forzosamente acaba caendo no antiimperialismo marxistizante e, polo tanto, no socialismo. Xa que logó, todos teñen un proceso na súa definición popular e progresista, ouxetivamente ineludible e necesaria.

Quinto, en todas estas nacións, un enemigo fundamental é o sucursalismo político e o entrámado, a rede, que ao servizo do Estado unitario e do imperialismo teñen montado os medios de comunicación, os sistemas de propaganda, as leises parlamentarias e o sistema electoral, unitaristas e, polo tanto, discriminadores e perpetuadores do asoballamento nacional.

E sexto, polo seu contido e polos ouxetivos perseguidos, os movementos de liberación nacional en Europa son o enemigo máis mortal que teñen todas as estruturas do capitalismo na súa fase imperialista; polo tanto, única garantía da súa destrucción real.

III. O PROBLEMA GALEGO

III.1. A caracterización nacional de Galicia: a teoría do nacionalismo galego onte e hoxe

No século XIX non se pode aínda falar de nacionalismo, sinón dun sentimento galeguista que se concreta nunha práctica de tipo rexionalista. Os nomes de Brañas e máis de Murguía van unidos a esta etapa na que se descubre Galicia como realidade diferenciada, na que se fai unha tímida defensa da nosa língoa, na que se sente a necesidade de autoorganizarnos a nivel da nosa nación. É a reacción de individuos pertencentes á pequena burguesía intelectual, que escomenzan a discutir o papel que lle tocaba desempeñar ao noso pobo dentro da estrutura unitaria e capitalista do Estado Español. Dende entón, o galeguismo ten un marcado carácter populista, é dicir, alternativa paternal da pequena burguesía pra defender os intereses das nosas clases traballadoras, fundamentalmente labregos e mariñeiros.

É no 1.916, coa fundación das Irmandades da Fala, por dous mozos que proviñan do republicanismo, Lois Porteiro Garea e Antón Vilar Ponte, que os galeguistas escomenzan a autotitularse nacionalistas. Tamén, en

1.920, Risco teoriza sobre o fenómeno nacionalista galego. O rexionalismo era, polo menos, superado a nivel ideolóxico. Mesmo chegou a haber, xa en 1.925, grupos de nacionalistas que idealmente se consideraban arredistas ou separatistas, quen curiosamente, falaban de dominio español sobre Galicia e non de dominio castelán como fixeron os nacionalistas de carácter federalista (Sociedade Nacionalista Galega Pondal, fundada na emigración en 1.925). De todas maneiras, dende cedo, 1.929, existiu tamén a alternativaseudogaleguista de facer política en Galicia pra promocionarse personalmente a nivel de Estado e Goberno españois e reforzar a situación colonial do país dende dentro. A esta mecánica e a estes intereses responde a fundación da ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), covacha de señoritos vilegos españolizantes, autonomistas e republicáns, que rematou por se integrar na Izquierda Republicana Española, despois de ter demostrado abundantemente o seu espírito politiqueril e o seu pouco vencellamento coas masas populares galegas.

Frente a esta manipulación da pequena burguesía españolista, e pra encarar as necesidades políticas populares da nosa nación, fundouse en Pontevedra, nos días 5 e 6 de Nadal de 1.931, o Partido Galeguista, por parte de mozos de extracción policlasista, de diversas tendencias ideolóxicas, con escasa militancia previa cáseque todos eles. O Partido Galeguista, como o nacionalismo das Irmandades da Fala, mantén unhas características moi sintomáticas da posición idealista e ambigua da pequena burguesía intelectual vilega. Estas características concretaríanse en: 1) a consideración da nación como un fenómeno natural, non como un fenómeno histórico e de clase; 2) a identificación da

nación, sobre de todo, co mundo rural; 3) o entendemento do problema galego como un problema de rexeneración moral; 4) a identificación de Galicia cos labregos e cos mariñeiros, como clases traballadoras máis importantes esquecendo o papel da clase obreira por ser cuantitativamente insignificante; 5) defensa da alternativa cooperativista, idealmente apartada tanto do capitalismo como do comunismo; 6) defensa teórica do dereito de autodeterminación, pero concreción práctica nun federalismo vagoroso; 7) defensa da cooficialidade da língoa xa que se pensa que existe bilingüismo; 8) creencia na dualidade cidade/campo, como relación opresor/oprimido.

Compre, non obstante, salientar que o Partido Galeguista contiña unha corrente claramente popular e de esquerdas, representada por homes como Castelao e Suárez Picallo. Ambos os dous tentaron concretizar o problema nacional como un problema das clases traballadoras, intuindo a importancia da clase obreira pra o movemento nacionalista. Foi esta ala esquerda a que participou activamente, durante a guerra, a favor de República, chegando moitos a seren asesinados ou vérense obrigados ao esilio. Con anterioridade, arredor de 1.935, a fraición dereitista, culturalista e elitista, afastouse do Partido en vistas da concreción, cada intre máis popular, que iba tomando (Vicente Risco, Otero Pedraio, etc.). Ao Partido Galeguista non lle deu tempo a contar cunha base de masas. Veleiqué porque, no panorama político galego dos anos trinta, a presenza das forzas de esquerda españolista era abafante, tanto no mundo obreiro como na pequena burguesía ou no mundo labrego (PSOE, anarquistas; centrais sindicais, UGT, CNT...). A corrente galeguista representa, pois, o culturalismo, o escomenzo da vida organizativa, sobre de

todo a nivel labrego, e o prantexamento do problema nacional cun mínimo de coherencia por primeira vez na historia de Galicia. Neste sentido, Castelao é unha figura política de importancia excepcional, tanto na teoría como na práctica, do nacionalismo de esquerdas, sin o que non se podería explicar o pensamento do nacionalismo revolucionario posterior, nin polo tanto a traectoria política do país na postguerra.

Efectivamente, en Castelao está, sin ambigüedades, a afirmación de que Galicia é unha nación, utilizando a definición ofrecida por Stalin, pero chegando máis lonxe, pois vencella o concepto de nación ás clases sociais oprimidas ("pra eles, refírese a labregos e mariñeiros, a Terra é unha nación asoballada"). Consecuentemente, defende a necesidade de autoorganizarnos politicamente ao nivel da nosa nación, motivo polo que nacéu o Partido Galeguista. Tratábase de montar na práctica unha línea política ao servizo dos nosos intereses, que servira de alternativa ás traicións que os partidos burgueses e da esquerda facían do pobo galego. A defensa do dereito de autodeterminación aparece clarificada como un produto fundamental pra loitarmos contra do imperialismo. Dende esta perspectiva, independencia e solaridade son non soamente compatibles sinón complementarias. De todas as maneiras, no aspecto económico, Castelao confundía independencia con autarquía, o que lle fixo ser escesivamente prudente e limitado neste nivel do seu pensamento. Pol demáis, a nivel previo pra unión en pé pensamento. Polo demáis, a nivel político-cultural, entendía a independencia con toda corrección, isto é, como un requisito previo pra unión en pé de igualdade. Tamén foi clarividente na correlación entre antiimperialismo e internacionalismo verdadeiro, hastra

o extremo de afirmar que a unión internacional de labregos, obreiros e mariñeiros acontecerá, previa abolición dos Estados imperialistas e previa ruina do sistema capitalista actual. Non ten nada de estraño que lle dera unha importancia fundamental aos labregos, no movemento político, porque son maioría na nosa nación, pero non esqueceu a importancia, pra evolución futura do problema nacional, de que os obreiros se integraran nel. Veleiquí por qué Castelao, non sendo nada anticomunista, chegou a pensar que o socialismo marxista era bon pra os países industrializados ou pra as nacións agrícolas con grandes latifundios. Con presupostos tan nidiamente antiimperialistas nada de estraño ten que fixera unha disección maxistral do imperialismo lingüístico, chegando a criticar o suposto bilingüismo, pois semellante situación non é natural, ademáis de ser un factor de perturbacións psicolóxicas de toda caste, e afirmando que a língoa propia é un factor determinante e decisivo pra coherencia social dun pobo. O seu especial fincapé en remarcar a dignidade da língoa galega, ademáis de por sí mesma, por ser utensilio das clases traballadoras, a súa bulra dos imperialistas fracasados, dos pragmatistas e dos mitólogos do idioma universal, convirten o seu pensamento lingüístico nunha esposición crítica, inda hoxe de gran utilidade.

Castelao representa a grande contribución, necesaria historicamente, dun pobo colonizado pra o que os análisis do sistema capitalista en abstracto, feitos polo marxismo tradicional, non abundan. O pensamento de Castelao ven, no noso caso, a complementar ao marxismo, non a contradecilo. É a grande aportación que nos deixa albiscar a particularidade da contradicción. Por eso, toda verdadeira interpretación marxista de Galicia tivo que contar con el. Todo o movemento nacional-

popular galego tenno como presuposto.

A línea nacionalista, coa desfeita da guerra civil, non continuou na súa actuación siquer fora subterránea. Quedou operante algún persoaxe da dereita seudogaleguista, identificado co novo réxime (Risco, Filgueira Valverde, etc.). Por outra banda, os que sobreviviron á guerra, dentro de Galicia, empeñáronse en levar adiante, de xeito exclusivo, unha actividade culturalista, reafirmando posicións políticas puramente liberáís, europeístas e cosmopolitas, típicamente pequeno-burguesas, que xermolaban no Partido Galeguista. Esta corrente era soio tácticamente galeguista, e a súa representación máis pura témola no "piñeirismo", actitude que condicionou a boa parte da mocidade intelectual nos intres cruciais dos anos cincuenta a sesenta. Conserváronse os aspectos máis reaccionarios, antinacionalistas e proimperialistas que estaban acochados no galeguismo histórico.

Por todo o devandito, houbo que esperar a ben entrados os anos sesenta, fase do despegue da burguesía monopolista do Estado Imperialista Español pra que se prantexe a ruptura coa inactividade política e organizativa do "piñeirismo", ofrecendo unha alternativa nacionalista de verdade. Como produto desta creba, da necesidade de combater os mecanismos de agresión imperialista que se estaban a abalanzar sobre de Galicia, de recobrar a mínima conciencia nacional que intensificara a conciencia colectiva e popular, de facer política acorde cos intereses populares galegos, xurdeu, en 1.964 a UPG (Unión do Pobo Galego). É un intre en que non había partidos nacionáís galegos nin burgueses nin pequenos burgueses. É a primeira resposta organizativa do nacionalismo despóis da guerra, e a primeira resposta marxista ás necesidades dunha nación

colonizada.

Dende entón hastra agora, o difícil, lento, pero imparable ascenso do movemento nacional-popular levou a que se tinxiran de nacionalismo formal todas as organizacións de esquerda, que non teñen unha práctica nacionalista sinon sucursalista. Esta actitude dá lugar a formulacións ambiguas que, no fondo, son seudo ou antinacionalistas, inda que se teñan que adubiar cunha fraseoloxía, típica dos movementos de liberación nacional. Tratan de eludir o problema nacional, admitindo teóricamente a existencia do mesmo.

O denominador común a todas estas formacións seudoñacionalistas é o de facer idéntica a explotación das clases traballadoras en todas as nacións do mundo. Desta maneira, o problema nacional queda reducido a un problema de opresión cultural ou, todo o máis, un problema de opresión política, derivado da falta de democracia, ou de autonomía da nación oprimida. Inda nos casos de partidos nacionáís, formalmente non sucursalistas, cáese no economicismo pois desvincúlase ou sepárase a loita social e de clases da loita nacional, por consideralas dúas etapas, dous ouxetivos diferentes, en absoluto interrelacionados. Redúcese, entón, o problema nacional á esfera puramente superestructural, chegándose a argumentar con que hai que defender tesis moderadas, como as autonomistas, porque aínda non existe conciencia nacional no pobo. Non se dubida da conciencia de clase, pero sí da conciencia nacional, co que se está a facer unha dicotomía a todas luces trabucada pra xuzgáremos a potencialidade e a viabilidade do movemento nacional-popular. Estas perspectivas, enunciadas dunha maneira dereitista no terreo social, levan á tesis de que o galeguismo (prefírese esta palabra á de nacionalismo) é hoxe patrimonio de

todas as formacións políticas, mínimamente democráticas, seían de dereitas ou de esquerdas, pois todos somos autonomistas, todos queremos a solución dos problemas da nosa Terra e todos estamos, por suposto moderadamente, dispostos a defenderen a súa língoa e cultura. Estes son os prantexamentos, por exemplo, do piñeirismo e adláteres.

Na realidade, este seudonacionalismo non é máis que un rexionalismo ao que lle hai que engadir a dimensión cultural. No seu fondo, está a peculiaridade dunha cultura, e a identificación desta coa sociedade agraria, cos labregos. O problema nacional queda sempre diluído, pois non é un problema de clases, nin un problema de práctica e autoorganización política, sinón de apostolado e reconversión das formacións sucursalistas, ás que se considera hexemónicas e necesarias. O máis fiable, no seu galeguismo, dos representantes dunha práctica política seudonacionalista ten afirmado que Galicia é Extremadura máis problema cultural (Ver declaracións de Xosé Manoel Beiras en **Unha ducia de galegos**). A especial articulación socioeconómica do país non se ten en conta pra nada na realidade, sinón como mero análisis científico pra incidir no peculiar, pero non se ve por ningures a determinación que a estrutura social e económica ten que exercer sobre a fasquia política do país e as alternativas que lle compren. O problema deste seudonacionalismo está en que a súa práctica será sempre abordable por calquera partido sucursalista, xa que os ouxetivos duns e doutros son asimilables. Este é o caso de coincidencia táctica de todos eles co españolismo hexemónico de esquerdas, agás en cuestións personalistas ou referidas a un puro ideoloxismo verbal. É dicir, o seu papel é o de comparsas lexitimadoras.

Frente a esta ambigüidade, érguese o MNPG (Movemento Nacional-Popular Galego), cuio orixen é, como xa dixemos, o primeiro xérmolo de nacionalismo real despois da guerra. A súa evolución representa a única práctica coherentemente nacionalista e con incidencia popular na nosa nación. Houbo moitos anos en que, inda teóricamente, calquera presuposto mínimamente nacionalista era soio defendido e asumido polo MNPG.

É indubidable que foron os combates e o progresivo éxito do MNPG os que determinaron a galeguización formal da dereita e esquerda españolistas. O MNPG ten a súa razón do ser na realidade empírica, histórica de Galicia, claramente vencellada a unha perspectiva social de carácter popular. Precisamente, na percura da caracterización económica e social da nosa nación, chegóuse á conclusión teórica, contrastada pola realidade e a práctica diarias, de que Galicia é unha nación colonizada. Este prantexamento implica que o dereito de autodeterminación do noso país ten un claro contido económico e de clase, polo que as alternativas axeitadas teñen que iren necesariamente a carón de proxectos progresistas, encamiñados á liberación das clases populares.

Esta perspectiva determina, de forma especial, a posición, o papel e máis as características do proletariado, no conxunto da nación. Veleiquí por qué razón, todos os proxectos de loita real polo socialismo teñen que seren proxectos nacionais e anticoloniais, vinculando dunha maneira especial ao proletariado, clase cualitativamente determinante pra o proceso revolucionario, con outras clases populares, especialmente os labregos, moi importantes cuantitativamente e mesmo polo seu potencial e necesaria práctica antimonopolista.

Efectivamente o MNPG é un produto da interpretación materialista da realidade concreta; e a expresión manifesta de que a loita de clases debe tomar, en situacións e intres históricos determinados, a forma de loita e revolución nacional-popular. Soio co análise detallado destes presupostos podemos catalogar a un movemento de nacionalista nunha colonia.

Resulta antimarxista e anti-revolucionario a actitude daqueles que ceden teóricamente diante das presións da realidade e do combate político ao deciren que Galicia é unha cuasicolonia, unha semicolonia ou unha colonia pero interior, que tratan de xustificaren unha práctica sucursalista e homologada coa metrópoli, ademais de faceren unha utilización liberal, idealista e utópica, por innecesaria e non material, do dereito á autodeterminación.

Eisí pois, o nacionalismo galego do MNPG concrétase na loita pola soberanía nacional que, forzosamente, dadas as características da nosa nación, é unha loita contra do capitalismo colonial. O dereito de autodeterminación require eiquí unha necesaria práctica ideolóxica, organizativa e política, previas e imprescindibles pra acadáremos a liberación nacional e social do noso país. Velaquí a única interpretación e alternativa coherentemente marxista, esto é, materialista, do problema nacional.

III.2. A opresión nacional en Galicia: a opresión económica.

O capitalismo domina aínda unha parte considerable do mundo. Moitas veces este dominio capitalista exerce sobre realidades socioeconómicas que non responden a este sistema, sinón que representan importantes parcelas de precapitalismo. Estas parcelas conviven e teñen unha funcionalidade específica respecto do sistema capitalista dominante e explotador. Velaquí por qué razón as consecuencias que xenera o capitalismo non son as mesmas en todos os lugares da terra.

A estrutura económica de Galicia, e xa que logo a súa estrutura social, son o exemplo típico da existencia dun gran sector precapitalista dominado e en función dun capitalismo, específico no seu desenvolvemento (capitalismo colonial), ambos os dous caracterizadores dunha realidade nacional dentro do Estado Español. Aínda perto do 60% da poboación activa galega son traballadores por conta propia, traballando na agricultura fundamentalmente, e tamén na pesca de baixura, como artesáns ou nos servizos. Este sector vese cada vez máis afectado por unha agresión directa do capital monopolis-

ta, en connivencia coa política económica do Goberno, que o vai insertando progresivamente nos mecanismos comerciais, financeiros e crediticios, do capitalismo.

Por outra banda, o sector moderno da industria, ruín cuantitativamente, intensivo en capital en numerosos casos, sin pulo dabondo pra absorber a man de obra do propio país, evidencia o destrago do excedente económico xenerado en Galicia. Esta industria abrangue únicamente as primeiras fases dos ciclos productivos (celulosas, refinado de petróleo, esportación de enerxía), ou, nos casos da construción naval e do automóvil, soio os últimos. Ademais, non hai articulación entre esta industria e a agricultura do país (feble desenvolvemento das industrias alimentarias, ausencia dun sector produtor de bens de equipo pra agricultura, etc). Inda enriba, a pequena e mediana industria nacional vaise arruinando sin seren suplantadas por outras modernas autoxeneradas. En definitiva, soio unha parte reducida do valor final dos produtos do primeiro tipo de industria queda en Galicia. O segundo tipo representa un sector marxinal e en crisis. A consecuencia social de todo o devandito é que non exista unha clase obreira cuantitativamente forte e desenvolta, estando ademais fortemente concentrada por sectores (construción, metalúrxica e alimentación), con dous núcleos espaciais significativos: Ferrol-As Pontes e máis Vigo-bisbarra. Unha grande parte do proletariado galego traballa en pequenas e medianas empresas, manténdose, en moitos casos, como propietario persoal no campo, traballador por conta propia. Esta é a figura do proletariado simbiótico, sector da clase obreira galega no que se dan especialmente salarios moi por debaixo da media estatal.

A funcionalidade global da economía galega, no contesto do Estado Español, é a de servir de man de obra

barata pra emigración, espropiaación do excedente económico ou o seu destrago no interior, sintomáticos dunha estrutura productiva caracterizada pola esportación de produtos que non completan o seu ciclo de transformación no país, sempre en beneficio do E.I.E. e do imperialismo europeo e occidental. Nembargantes, a nivel oficial esta situación dependente, subordinada, colonial, interprétase en términos de que existe unha distancia temporal na evolución económica de Galicia respecto do Estado. Esta distancia salvaríase exclusivamente, asegún algunhas alternativas, concentrando o hábitat e a poboación, e industrializando sin máis. Non se discute pra nada por qué causas e con qué intencións se benefician os procesos concentrativos (políticas de Polos, asentamentos, concentracións escolares, supresións de feiras locais e comarcais...) e industrializantes (proiectos de elevados costes sociais, desarticulados co resto da economía, intensivos en capital, como a proiectada central nuclear de Xove), nun país caracterizado pola dispersión a todos os niveis e polo gran peso da agricultura. Noutras alternativas, chégase a afirmar que o crecemento económico do Estado Español, considerado globalmente, eliminará os desequilibrios por sí mesmo, recomendación explícita do Banco Mundial en 1.961 no seu "Informe sobre a economía española", naturalmente seguida con toda fidelidade.

Esiste, ademais, un acelerado proceso de desposesión dos nosos medios de produción e das nosas fontes de riqueza, polo capitalismo colonial, o capitalismo de Estado -INI-, e algunhas multinacionais, como está a ocorrer coa alarmante espoliación mineira, apenas encetada. Tamén prodúcese a absorción de empresas galegas por capital do Estado Español, e da banca "rexional" pola gran banca española. Mesmo a

única excepción relevante neste terreo (sin que eso sirva pra xustificar os seus compromisos co gran capital español, ben demostrados ao longo da súa existencia), o Banco Pastor, rumoréase que vai ser absorbido por un dos máis importantes grupos bancarios do Estado, en tanto que Fenosa, principal empresa do grupo, é, na práctica, unha sucursal de Iberduero. O pouco e ruín capitalismo autóctono estáse esfarelando, como demostran, sobor de todo, as empresas conserveiras tradicionais, unha parte do sector pesqueiro, os pequenos asteleiros, actividades vinculadas á madeira, e, en xeneral, pequenas e medianas empresas, particularmente vulnerables á crisis económica e desprovistas de calquera apoio cara a súa posible reconversión.

En conclusión, a política económica do Estado Español incide na economía galega de tal maneira que cumpla a súa función subordinada e colonial. Eisí o demostra a política agraria (montes comunais, SSA, política de precios agrícolas, etc), a política pesqueira (política crediticia irracional e antisocial, Plan Marisqueiro, roubo das praias, explotación irracional das rías e falta de coidado das mesmas, sistema de comercialización de peixe, convenios internacionais de pesca, etc.). Inda enriba, a empresa pública non actúa en Galicia cunha visión de conxunto da nosa economía. Astano, Barreras e Alvarez, pertencen ao INI porque houbo que "socializar as perdas"; Bazán e a Fábrica de Armas responden á lóxica dos intereses militares; a Empresa Nacional de Celulosas e Petroliber teñen grandes costes sociais, ademais de non completaren todo o proceso productivo no país; Frigsa serve de recollida de materia prima, carne, en condicións abusivas pra os labregos; Sodiga é pura demagogia; a Calvo Sotelo está eiquí porque non lle queda outro remedio. A todo esto habería

que engadir o sistema impositivo que perxudica claramente ao país, e a política de gasto público, fortemente centralizado, subsidiario da empresa privada e incapaz de acometer as inversións básicas pra o noso desenvolvemento. Tamén a política financeira e crediticia determina, dunha maneira fundamental, a saída do excedente económico do noso país. Véxanse, por exemplo, as normas prás Caixas de Aforro, a práctica da Banca privada e, inda máis sintomático, a propia das Entidades Oficiales de Crédito. Hastra a política arancelaria artellouse, polo xeneral, en perxuicio da economía galega. A política de transportes e comunicacións serve pra perpetuar a invertebración do país e a subordinación de Galicia á metrópoli. Nos casos en que se lexislóu especificamente pra Galicia, fíxose demagóxicamente, pero sin que as consecuencias foran diferentes ás de costume, cando non contraproducentes. Inscribíense neste contexto a política de Polos de Desenvolvemento, a Gran Area de Expansión Industrial de Galicia -delimitada con criterios caciquiles, sin maior fundamento económico-, o Plan Galicia de Educación, o oficialmente fenecido Plan de Ordenación Territorial, o discutible Plan de Accesos, a irritante concesión da Autopista do Atlántico...

Todo este entramado de política económica reforza a explotación capitalista das clases populares, polo que se pode falar dunha superexplotación dos nosos obreiros, labregos e mariñeiros, na medida en que son clases populares dunha realidade colonial. Velahí como, asegún o INE, o "equipamento familiar" en Galicia apenas rebasa a metade do equipamento medio a nivel de Estado. Como xa dixemos, a loita de clases toma, en Galicia, unha forma nacional, porque a realidade socioeconómica eisí ten que esixilo. O estado da educación e da medicina, o grado de explotación da nosa

clase obreira, os mínimos de seguridade e hixiene no traballo (van contados xa 26 mortos en accidentes laborais, soio no complexo de As Pontes), os moi baixos niveis de ingreso por traballador no agro en relación co resto do Estado Español (menos do 40%, asegún datos do Banco de Bilbao, referidos ao 1.975), a emigración sangrante... non son máis que datos empíricos da nosa especificidade. Existe un dato ben sintomático: a taxa de actividade (relación entre a poboación activa e a poboación total) é moito maior en Galicia que no Estado Español, ou seña, traballan proporcionalmente moitos máis vellos e nenos (47% fronte a 37%).

A economía galega caracterízase, entón, por un desarticulamento hipertrófico, tanto a nivel espacial como sectorial, pola falta de armonía e coherencia a todos os niveis. Polo tanto, prodúcese un tipo de crecemento cujas consecuencias son perpetuar o carácter colonial e dependente, a reprodución do subdesenrolo. A nivel económico, Galicia é un área típica do capitalismo colonial. Esta opresión económica é a básica e determinante da opresión nacional, a que fai que, en Galicia, o término nación esteña cangado dun contido de clase específico.

III.3. A opresión política.

Dende o século XV pódese falar de opresión política de Galicia pola monarquía imperialista de base castelán-andaluza, cando practicamente queda sin institucións propias de goberno e sometida, pra todo tipo de cáregas e pra ningún dereito, a Castela. Non é, polo tanto, unha relación comparable á artellada pola mesma época histórica, máis ou menos, con Navarra e con Catalunya. Hai que falar de dominio do Estado colonial español dende finais do século XVIII, coincidindo coa formación do Estado burocrático e centralizado, con estrutura capitalista, no que Galicia cumprirá, cada intre máis definidamente, unha función colonial. É a partir de entón cando hai que falar de "españolismo" e non de "castelanismo". Mesmamente o concepto político de ser un cidadán español empeza a existir a partir desta época. A opresión política, polo tanto, iníciase con actos de forza, pero cada vez faráse con métodos máis estruturais e de funcionamento do sistema.

Co desenvolvemento do capitalismo, o tipo de burguesía que vai xermolando en Galicia é de orixen estranxeiro, no que toca ao comercio e aos incipientes

núcleos industriais (cataláns, bascos, maragatos). Outra ten a súa orixen na fidalguía que se vai integrando como pequena-burguesía burocrática, vencellada ao aparello administrativo do Estado Español centralizado e unitario, clase que vai dar moitos exemplares á política española e ás institucións coercitivas como o Exército ou a Guardia Civil. Logo, pódese decir que non existe burguesía nacional autoxenerada que teña a súa base nas finanzas, no comercio ou na industria, cuantitativamente relevante e cunha mínima coherencia de clase. Nembargantes, foi sempre moi importante a pequena burguesía burocrática de base vilega, abogados, militares, cregos, etc., que precisamente se fixeron cunha grande parte das terras cando a Desamortización eclesiástica, dándoas en aforo aos labregos, establecendo un sistema de propiedade meramente rentista. Esta composición tan feblemente burguesa fai que en Galicia non se poda falar de burguesía nacional, sinón de burguesía intermediaria, porque actúa como correa de transmisión das pautas políticas e do dominio exercido pola burguesía que usurpa o poder no Estado Español. Esta burguesía nace, pois, integrada na mecánica burguesa española e ao seu servizo. De ahí que vivira sempre tan de costas ao país, política e culturalmente falando, inda que fora un peón fundamental pra exercer o dominio sobre o pobo galego. Todos estes sectores burgueses foron sempre aliados propicios pra articular a función colonial de Galicia, son os aliados internos que desenvolve e necesita todo o tinglado colonial. Hoxe como onte, o caciquismo non é máis que a resultante da incrustación destes sectores no aparello burocrático e institucional dun Estado que necesita e reproduce uns xendarmes e vixilantes ao servizo do status político dominante a cambio das farangullas de poder especular coa miseria e coa discriminación. É un fenómeno típico

dos Estados burocráticos, centralizados no seu funcionamento, diante dunha poboación non integrada nin social, nin económica, nin política nas institucións oficiais. Eisí funcionaron sempre as institucións oficiais pra o mundo labrego, as Diputacións, os Gobiernos Civís, etc. Namentras, as institucións e formas de vida autóctonas van esmorecendo ou mantéñense vivas pola forza da necesidade popular e pola pervivencia das estruturas económicas e sociais precapitalistas, ao marxen e ignoradas pola superestructura xurídico-administrativa oficial (a parroquia, o dereito consuetudinario fronte ao Código Civil, a Lei de Augas, a Lei de Montes...).

Galicia, dentro do sistema do capitalismo colonial que padecía, foi sempre acéfala política, careceu de Estado propio, dunha clase social, na época do ascenso da burguesía, necesitada da súa creación, ou con forza dabondo pra dar pulo a reivindicacións nacionalistas dende a perspectiva burguesa ou pequeno-burguesa. O movemento nacionalista tivo, dende o comenzo, unha clara intencionalidade popular.

Galicia non foi máis que un anaco de España que o EIE estruturou administrativamente como lle veu en gana. Dividíuna en catro provincias que ademais non abranguen a totalidade do territorio histórico da nosa nación. Coas demarcacións eclesiásticas ocorre o mesmo: a diócesis leonesa de Astorga abrangue unha parte de Galicia. Nembargantes, curiosamente, adaptáronse militarmente: sempre houbo un Capitán General de Galicia. A acefalia política agudizouse e perpetuouse co feito, cada intre máis progresivo, de contar Galicia con pouco peso económico e demográfico dentro do Estado, aspectos estes que o sistema parlamentario unitarista contribúe a manter, pois, inda na situación máis óptima,

os galegos somos unha minoría electoral dentro do Estado Español.

Unha realidade económica e política como a que estamos a esbozar, cunha función tan claramente colonial dentro do Estado Español, padece socialmente unha ideoloxía dominante, cuxo denominador común consiste en considerar a realidade propia como residual, respecto da realidade maior en que está inmersa. Nos casos de maior sofisticación, a ideoloxía dominante adquire posturas compensatorias, ideáis, consistentes en pretestar que se persigue a solución dos problemas reais do país, pero cunha práctica totalmente homologable coa que se realiza a nivel de Estado, a nivel da unidade maior á que se está subordinado. A ideoloxía dominante é, pois, sempre a ideoloxía da unidade a todos os niveis: unidade territorial, unidade política, unidade popular ou de clase, coa que se quere invalidar a necesaria e inescusable autoorganización, dende todos os puntos de vista, que lle compre ao noso pobo, como realidade económica, social, política e cultural oprimida. Lóxicamente, as organizacións de ámeto estatal xustificanse a sí mesmas e diante do pobo en nome de que os intereses de clase e os enemigos son soio un, acusando ás organizacións nacionáis de divisionistas e debilitadoras. No caso da esquerda, arguméntase demagóxicamente coa identidade de ouxetivos e co internacionalismo proletario, esquecendo que o nacionalismo popular non separa sinón que une materialmente, debilitando ao enemigo común dunha maneira real, polo que é unha garantía de verdadeira solidariedade internacionalista. No caso das dereitas, arguméntase en nome de que hai realidades intanxibles, que é ir contra natura discutilas. En calquera caso, a ideoloxía dominante, unitarista e antinacional, abstracta

e antimaterialista, cínicamente moralista, é o produto típico do capitalismo na fase imperialista, fase na que se reforza a súa estrutura de dominación, pero tamén na que se encirra todo tipo de reivindicación anti-imperialista.

A falacia de que "la unión hace la fuerza" está en que, dentro dunha estrutura unitaria e imperialista, non fai máis que reforzar e sacralizar o que existe. A clave está en quén se debe unir, por qué ouxetivos e contra de quén. Ao prantexarmos estas preguntas, a tesis unitarista e abstracta, de calquera caste, dogma, ou creencia que se queira, amósase en toda a súa febleza, idealismo e engaño. Precisamente, a ideoloxía dominante, xenerada pola práctica política da burguesía monopolista española, reforzada pola estrutura do Estado unitario, apuntalada pola función aparentemente espontánea que cada nación cumpre dentro dela, consolidada polas organizacións políticas de ámeto estatal, incapaces de axeitaren a súa práctica ás necesidades populares das nacións dominadas, constitúen o que se denomina españolismo.

O españolismo, en Galicia, amósase baixo diversas formas. Baixo a forma dun feixismo, representativo do españolismo tradicional, que afirma a conciencia de sermos españois, e se enrabexa diante de calquera atentado contra da "unidad de la patria", e que mesmo pode considerar un peligro a defensa da língoa e cultura do país. O feixismo, adubiado, convirtese na tecnocracia, segura de que o problema galego amáñase con modernizarmos a calquera precio e aspiráremos a unha homologación imitativa, coste o que coste. Si a tecnocracia se quere xustificar moralmente, cíbrese de liberalismo político, de careta respetuosa pra todas as peculiaridades dende a modernidade capitalista e

européa. Si se tenta facer política de esquerdas, pra as masas, lexitimada moralmente na perspectiva dun mundo cada vez mellor, recórrase a un marxismo xenérico e libresco, que do problema nacional soio recolle o ámeto específico da cultura, do peculiar, limitadamente. Galeguízase formalmente pero non consinte a interpretación coherentemente marxista da nación, no plano económico e político, e así como as consecuencias que pra práctica dela se derivan. Este tipo de galeguización é a que, por oportunismo, por mellor combater ao antiimperialismo, pode ser asumida por todos os grupos españolistas. No fondo de todos, está a unidade do Estado, a concepción de que, ao cabo, o problema galego é un problema de modernización, o complexo dos colonizados que se autocolonizan partindo sempre, nos seus análisis e nas súas perspectivas, de eludir a causa real do seu atraso, a visión da realidade nacional atomizada e localista; en consecuencia, a falta dunha práctica política nacional, capaz de interrelacionar o nivel organizativo co ideolóxico-político, económico e cultural. Trátase de grupos miméticos, sucursalistas, nos que o problema nacional acada, como máximo, un sinxelo valor simbólico e metafórico, de maneira que acaba sempre por estar diluído e ser utilizado como espellismo ou argumentación secundaria que adubía e lexitima. O españolismo caracterizouse sempre por non ter estratexia montada pra un país colonial como Galicia, convertindo o seu galeguismo nunha cuestión de oportunismo, de mera táctica política, sempre compatible e mesmo complementaria das tácticas madrileñas.

Na práctica cotidián, a contradición política entre nacionalismo e españolismo é unha evidencia. Na época feixista, a esquerda españolista utilizaba todo tipo de recursos que foran útiles, exclusivamente, pra argallar

unha democracia española e burguesa. En nome desto, montou todos os seus dispositivos e intentou ignorar e hostilizar todo o que fora máis lonxe. A esquerda españolista prantexou, sempre tamén, que o problema estaba na correlación dereitas-esquerdas, correlación cuio sentido, nun país como o noso, non se pode definir nos términos en que se define no Estado Español, porque, en ambos os dous casos, coinciden tácticamente todos os grupos sucursalistas do matiz que seña, no oxetivo común de combater ao MNPG. Así acontece no mundo labrego, así acontece nos medios de comunicación, así acontece na manobra autonomista, así acontece coas alternativas sindicais pra o mundo obreiro, e así acontece na permisividade que o espectro constitucional está disposto a tolerar. Efectivamente, a loita por unha democracia formal ten un sentido moi diferente nas nacións colonizadas verbo das que non o son. Cando se trata dunha democracia moi represiva, controlada, os seus aspectos caricaturescos aparecen máis evidentes nas situacións coloniais, nas que as concomitancias declaradas entre a esquerda e a dereita españolista, no tocante ao problema nacional, descubren o reformismo e o acordo filosófico de fondo na cuestión crucial de que Galicia non deixe de ser un país colonizado. Este é o sentido dos últimos acontecementos políticos que se deron en Galicia respecto da alternativa autonómica. A esquerda españolista actuou de comparsa lexitimadora da manobra neocolonial, así como das declaracións de ilicitude, por parte do Goberno, das forzas que integran o BNPG que, como a organización patriótica Pueblo Canario Unido doutra colonia do actual EE, non deron o seu consenso á farsa autonómica.

Hai dous síntomas moi importantes do carácter colonial e do papel intermediario que teñen, en Galicia,

as institucións vinculadas aos sectores da denominada burguesía galega. O primeiro é o marcado carácter oficialista das institucións que operan en Galicia, inda aquelas que teñen un ar autóctono, chámense Real Academia Gallega, Instituto de la Lengua Gallega, Sodiga, Universidad de Santiago... O seu carácter é dócil, sumiso, inoperante e colaboracionista, sempre de costas á realidade viva do país. O outro síntoma ilustrativo é a grande cantidade de políticos "galegos" que dimos ao Estado unitario. Unha grande parte das clases medias galegas tivo, como única saída, a súa integración na burocracia do Estado, integración que levaba consigo unha desgaleguización que, nos casos de promoción política individual, chegou a ser integral. O mesmo orixen e proceso de desgaleguización, e a consecución ulterior de postos burocráticamente importantes, connotou a moitos políticos galegos españolizados con dous rasgos típicos: seren maleables, estaren sempre ao servizo do que mande, e tamén seren reaccionarios, isto é, furibundamente escépticos, individualistas e defensores do statu quo. Este tipo de actitude serviu pra racionalizar dúas opinións contradictorias, pero ambas as dúas colonialistas respecto dos galegos. A primeira, a de que o noso problema é un problema de cultura e de ultraindividualismo. Os galegos que valen medran, pero non se lembran da súa patria. A segunda, a de que os galegos somos un pobo de carcas e reaccionarios, enclavados na ignorancia e o atraso, e que, gracias a unha especial raposería, chegamos a gobernar España. Hastra, dende a esquerda, afirmouse que as características do xeneral Franco teñen a súa orixen en determinantes típicas do pobo galego (véxase "Francisco Franco, historia de un mesianismo", de Luis Ramírez, Ruedo Ibérico, 1.964). Mal saben todas estas teorías que é típico das colonias, integradas en Estados imperialistas moi

burocratizados, a produción de políticos pro-imperialistas rabiosos defensores da "unidad de la patria", por autoxenreira, por promoción marxinal respecto da propia realidade, e por identificación mimética cós grupos dominantes. Este foi tamén o caso do corso Napoleón, no estado francés, por no citar o exemplo máis recente de De Gaulle, de orixen bretón.

III.4. A opresión cultural

A opresión cultural acostuma a identificarse coa opresión lingüística, identificación esquemática pero non totalmente falsa. Si analizamos a situación da língoa galega, observaremos que é moi sintomática da opresión que a nivel económico e político está a sufrir o noso país, opresión que se evidencia nunha institución social como a língoa, no uso que se fai dela, no desuso que se xenera, nas actitudes fronte á mesma. Porque en definitiva detrás da língoa está toda a práctica social que o pobo vai acumulando.

Esta práctica social interpretou ao longo dos séculos a realidade dunha maneira específica, conformando o que se chama a língoa galega, língoa que, practicamente dende a crisis do feudalismo, non seguiu unha evolución normal, típica doutras línguas de culturas románicas. Esta anormalidade ten nun principio un orixen claramente político (dominación de Galicia por Castela), anormalidade que se reforza social e economicamente pola introdución e despegue dun capitalismo non autoxenerado que fará que a língoa galega esteña dominada politicamente (non é oficial) e económica e socialmente (vaise relegando a ser língoa das clases populares), xa que a promoción

social ou a integración no Estado burocrático faise renegando dos valores propios. Este tipo de dominio, xenerado e reforzado nos tres niveis anteriores, denomínase diglosia colonial e tradúcese nunha complexa situación lingüística na que o comportamento das persoas está determinado polo ambiente, polo interlocutor, polo tipo de temas, pola idade, polo sexo. Pero, no fondo, todo se esplica polo dominio social dunha língoa sobre doutra e pola terrible autoxenreira que todas as clases sociais sinten respecto da súa realidade.

No caso das clases populares, esta autoxenreira debilita a súa conciencia de clase, colectivamente falando, como no caso da burguesía esfarela a súa coherencia e a súa capacidade de resposta organizada. Uns sectores, intentan deixar de ser coma son ou ocultar os síntomas externos que os poidan denunciar. Outros, renegan a distancia dos seus orixenes; outros non miran de ónde proceden; outros tópanse tranquilos na súa situación de asimilados. En definitiva, todos estamos nun conflito que nos converte en neuróticos mentras non percuramos unha integración no grupo orixinario. En último término, a língoa no seu estado evidencia cal é o estado da nosa comunidade política. Os españolismos incrustados no vocabulario son proba da falta de institucións políticas, científicas, educativas, relixiosas, propias. A falta de normativización total evidencia a falta de poder político e as dificultades pra manter unha actitude ponderada, capaz de mixturar diversas necesidades sociais e diversas prácticas lingüísticas de clase dentro da língoa oprimida. Sempre, o principal obstáculo é, de todas maneiras, a restauración pública e social do idioma que se topa con traumas psicolóxicos importantes, coa necesidade dun esforzo militante, nun

principio, porque soamente a práctica será capaz de facer recuar os usos que usurpou o español, e así como tamén será soio a práctica, integrada nun coñecemento cabal da realidade galega, a que será capaz de restaurar o vocabulario non xeneralizado, o vocabulario específico de determinadas realidades naturais (vexetación, animais, mundo físico en xeneral...), práctica que salvará todo o salvable, poñendo en relación eficaz a todas as clases traballadoras do campo e da cidade, e que será capaz de integrar todo o vocabulario técnico e científico novo que faga falta.

A diglosia soamente se racha na medida en que non hai compartimentos estancos pra o galego, en que non hai ghettos pra o noso idioma, pra o que fan falta disposicións políticas, pero tamén medidas sociais de planificación que conduzan a todos os individuos a integrarse na institución lingüística colectiva, que consideramos propia da nosa comunidade. Ouxetivo pra cuia consecución fai falta un proceso, pero que ten que ser encetado nunha perspectiva moi clara, que non consagre nin lexitime pra nada a situación actual, aparentemente bilingüe.

Xa que o noso problema lingüístico ten unhas claras causas socioeconómicas e políticas, non se pode facer del un problema persoal, individual, de dereitos formais, sinón que debe ser encarado como un problema colectivo, social, de cambios reais. Debemos, pois, de refugar e, no seu caso, ultrapasar toda caste de políticas cooficialistas, que intentan consagrar a situación actual e non solucionar o conflito que existe na nosa sociedade: o asoballamento da língoa propia de nós, os galegos, asoballamento conectado con outros de diversa índole. Xa que logo, fronte ás propostas de cooficialidade, que responde a un cambio de táctica asimilativa do

galego polo español, temos que defender a oficialidade, do noso idioma, isto é, medidas concretas pra a súa restauración pública e privada, pra o recobramento dos usos perdidos; en definitiva, loitar consecuentemente, ao través dun proceso delimitado, polo unilingüismo social na língoa propia. Ningunha sociedade pode ser heteroxénea cultural e lingüísticamente de maneira indefinida. No conflito hai que se definir abertamente por unha das dúas posibilidades: asimilación pola língoa allea ou a normalización da língoa propia. A normalización significa converter o galego nun idioma necesario, con práctica social detrás, única maneira de reavivalo, darlle saíva e rematar co proceso diglósico.

Soio na medida en que o noso pobo teña unha práctica social e política autoxenerada, ao servizo dos seus intereses, se convertirá o galego no idioma colectivo, útil e necesario no noso país. Nestes intres, o galego vai recuperando o terreo perdido, inda que seña moi de vagariño, na medida en que os ouxetivos de unilingüismo social están clarificados. Esta práctica é a que fai agrandar o corsé en que a burguesía intermedia-ria, fidel sumisa do Estado colonial, quere comprimir ao país. As posibles políticas de cooficialidade, que podan vir por calquera vía autonomista, non darán resposta aos anxeios populares, en tanto que non poidan ser confundidos, amosaránse ineficaces, como noutras moitas nacións dominadas do mundo (Quebec, Gales, o exemplo xa citado de Irlanda, etc.), porque cientificamente son inviables e contrarias á normalización. O cooficialismo é, agora mesmo, xa violado por todos aqueles que, de verdade, queren que a nosa língoa perdure necesariamente, materialmente, non como un pendello pra se adubiar de cando en vez ou facer

paternalismo, en vía asimilacionista, cos fillos dos labregos.

A cultura galega pódese decir que ten unha línea de evolución propia, sin atrancos, practicamente hastra o século XV, porque se combinan a cultura popular e máis a erudita, a nacional e a estranxeira, reforzándose e alimentándose mutuamente. Dende o século XV, a línea erudita, oficial, institucional da cultura falla por completo en Galicia, convertíndose, a este nivel, nunha sucursal mimética e provincian da cultura castelán, primeiro, e da española, máis tarde. Precisamente, a cultura galega vai quedando como cultura tradicional e anticuada fronte á importada que aparece como moderna e ouxeto de mimesis. Este tipo de imposición cultural agudizouse dende o século XIX deica os nosos días, sobor de todo no folclore e no canto, nas pautas de comportamento social e nas institucións.

O arte, especialmente a arquitectura, ao máis que chega é a deixarse connotar e influir por certos rasgos galegos, como no caso de todo o noso barroco, caracterizado por unha influencia da natureza e mesmo por un naturalismo realista (a escultura) que o fai singular na península. De todas maneiras, sempre é a adaptación tardía do arte que se fai en Castela e Andalucía. Os sistemas de cultivo, máis vinculados ás características dunha sociedade precapitalista, subsistiron, adoptando novas formas, na medida en que o dominio e influencia do sistema capitalista é maior. A estruturación e evolución do hábitat está sendo moi condicionada polos efectos do capitalismo colonial (zonas camiño da desertización, vilas estancadas, cidades de crecemento cuantioso e desordenado, etc.). O folclore e máis a música popular mantéñense adulterados, sin forza social dabondo, sin recreación erudita e

culta, baixo a avalancha de música e bailes españois ou de orixen anglosaxón.

A cultura popular, polo tanto, o mesmo que a técnica, están estancadas ou en proceso de esmorecemento. O único campo en que realmente houbo unha recuperación, foi no da literatura, *, xa que constituíu un factor decisivo da toma de conciencia nacional, base da propaganda reivindicativa prenacionalista. Ao ter que facer uso da língoa, a literatura ten que tomar partido, individual, social e politicamente, pois se lle presenta unha escolleita. Historicamente, a escolleita do galego significou a recuperación, a restauración da nosa literatura, campo artístico culto anticolonial por excelencia. Cumpliu así a función de ser prelude da conciencia nacional no século XIX, de ser eco das preocupacións nacionalistas no primeiro tercio do século XX, e unicamente hoxe está, nun certo sector, claramente desvinculada da problemática sociopolítica do país, pesie a que empregue formalmente a súa língoa. En todo caso, a literatura galega é aquela que, empregando o galego, observa a nosa realidade social e persoal dende dentro do contesto, ben seña cunha visión optimista, ben cunha visión anguriada e desolada. Neste senso, é significativo que Galicia non dera ningún escritor de importancia en língoa española que vivira a maior parte da súa vida no noso país.

* O mesmo cabe dicir, con todas as salvedades, da pintura, que, dende fins do século XIX, amosou un certo achegamento á realidade física e social do país, chegando a compromisos e actitudes nacionalistas, no primeiro tercio do século XX. É lóxico que os artes menos condicionados economicamente señan os máis capaces de rachar co proceso asimilativo.

En fin, o contido da cultura nacional galega é un contido fondamente popular, cunha perspectiva antiimperialista e de clase, pola mesma función e agresións asimilativas que sofre a cotío. Cultura nacional e cultura popular constitúen en Galicia a alternativa fronte á cultura imperial españolista. A cultura nacional galega, polo tanto, é a única que, con toda a súa cativez e febleza, responde a un proceso xenerado dentro do noso país, en función de conocele e conocele mellor a sí mesmo e, polo tanto, cunha perspectiva de futuro. Toda a cultura estranxeira progresista debe ser conocida e asimilada en función do noso contesto e das nosas necesidades.

Un dos instrumentos importantes que utilizou o Estado pra espallar a cultura imperial españolista e reforzar o proceso asimilativo e mimético, foi a escola. Os seus contidos non estiveron nin están articulados en nome da realidade social, económica, política ou cultural do noso pobo, e os ouxetivos que persigue non son os da integración crítica dos nenos na súa propia realidade. Móvese na ideoloxía unitarista española, en función da mecánica das necesidades do cap. tal monopolista, coa intención de esborrar a nosa conciencia e reforzar todas as actitudes asimilistas, axeitando as tácticas a cada intre. A escola que, en todos os sistemas capitalistas, se utiliza pra reforzar a ideoloxía dominante burguesa, é, en Galicia, reforzadora do proceso colonial. A língoa na que se desenvolve, os valores políticos e morais, a realidade representada, as apreciacións culturais, son aquelas que interesan ao Estado Español.

O proceso de colonización está reforzado, a nivel informativo e psicolóxico, polo tanto con gran pulo manipulador, polos medios de comunicación social, xa de propiedade estatal, xa privados. Unhas veces pola súa

propia mecánica de funcionamento, outras por manifesta intencionalidade, vehiculan unha información e unhas actitudes que ignoran sempre ou minimizan e terxiversan, no mellor dos casos, a problemática e os movementos sociais galegos, contribuíndo poderosamente a consolidar as correntes de opinión, as forzas políticas e sindicais, os xuícios críticos, as manifestacións culturais, estatalistas. Nos últimos dous anos, coincidindo co proceso democratizador reformista, este papel ténse agudizado, especialmente dentro da propia Galicia, pra cumprir mellor a función, sobre todo dentro das camadas sociais vilegas, de sectorizar, hostilizar, ridiculizar ou ocultar o combate anticolonial. O sector, moi vinculado á burguesía intermediaria e á esquerda españolista, especialmente na prensa, foi e é fundamental pra garantir unha certa estabilidade da democracia burguesa en Galicia. Compre non esquecer que a prensa chega, ademais, cun certo prestixio adquirido, debido ao seu papel crítico, interesado, na agonía do fascismo.

Non é de estrañar que, nun entramado cultural como o que vivimos, nun entramado económico como o descrito, nunha situación de dominio político destas características, as actitudes ideolóxicas, "espontáneas", no pobo, señan claramente autocolonizadoras. As versións populares de que Galicia é probe por natureza, ("soios non podemos vivir"), de que os galegos somos ruíns e sin conciencia de colectividade, de que somos españois, reforzan o escepticismo, a resignación, típicos de pobos colonizados. Hoxe, hai correntes neocoloniais máis compensatorias, que eluden o enfrontamento co Estado colonial con prantexamentos como os de que somos galegos e españois a un tempo, de que Galicia é rica pero necesita axuda, de que todo o problema estriba en rematar co caciquismo, etc.

III.5. Alternativas políticas.

A política autonomista foi sempre unha proposta das clases medias, contraria á independencia real da nación asoballada. De todas as maneiras, a función desta proposta variou no caso galego co paso do tempo. Efectivamente, o autonomismo, que sempre consiste nunha medida descentralizadora no administrativo e político, respetando os aspectos fundamentais do Estado unitario, tiña, na época da República, tal e como eran concedidos os estatutos, unha maior significación que hoxe. Entón, a realidade económica do Estado burgués unitario era máis feble, porque o protagonismo que se lle deixaba ás clases medias, á pequena burguesía, viña resultando moito maior, ao tempo que o grado de dependencia estrutural de Galicia era menor. Precisamente, a dereita españolista da época da República vía que a simple institucionalización dunha Asamblea de Galicia era un peligro potencial pra unidade da patria, que podía xenerar un tipo de práctica política centrado no país e un tipo de reivindicacións que non estaba disposta a tolerar. Nembargantes, a dereita de hoxe, coas súas sucursais galegas, ten cambiado de táctica e constatado que, tal como se ofrecen as alternativas autonómicas,

responden únicamente á necesidade de descentralización administrativa dun Estado fortemente burocratizado e centralizado. Saben que abonda xa co xogo sofisticado do sistema económico pra garantir que todo siga igual e, ademáis, constatan que é a integración formal da burguesía intermediaria galega en órganos de "gobierno", ao servicio do Estado colonial. Eisí, os "governos" autónomos serán pararraios do Estado colonial, voceiros lexitimados do mesmo, e os seus servos fideles, dispostos a garantir que a política colonial apareza como xenerada exclusivamente entre galegos. Non esquece, cousa moi importante, que significa unha posibilidade de neutralizar ao MNPG, podéndose dicir, neste senso, que a alternativa autonómica é unha cesión ante reivindicacións moi popularizadas, que non teñen evidentemente solución cunha alternativa deste tipo, pero coas que se pode xogar demagóxicamente. Indubidablemente, ningún estatuto de autonomía contempla a soberanía do pobo galego sobre os seus medios de produción, sobre o creto e máis sobre as súas fontes de riqueza naturais. Ningún estatuto de autonomía prevee tampouco a igualdade xurídico-formal cos órganos de goberno do Estado unitario; o Goberno español pode tomar, si o considera oportuno, a medida de disolución dos organismos autónomos. Calquera conflito entre éstos e a administración ou o Goberno central dirímeo un órgano xudicial do Estado unitario.

Non en balde, unha das terxiversacións máis corrente que empregan os autonomistas de "esquerdas", conscentes do engaño que propoñen, e cheos de mala conciencia, é aquela que consiste en falar de autogoberno en vez de autonomía, identificación a todas luces falsa, xa que a autonomía é actuar por delegación e elaborar propostas a entidades superiores, pra que elas

decidan e planifiquen. Nestas condicións, os estatutos, alternativas de rexionalización do Estado, nas circunstancias de dominio do capital imperialista, non representan endexamáis un paso adiante realista cara ao autogoberno. Significan un cambeo formal, un novo marco constitucional, un novo marco administrativo, ao que non se lle pode dar o parabén recurrido ao pragmatismo. A correlación de forzas, que tanto se esgrime como causa da aceptación pragmática da alternativa autonómica, é sempre un problema de dialéctica política. Por eso, diante da manobra que representa o autonomismo, a actitude non pode estar na súa potenciación e robustecemento sinón no seu desenmascaramento como alternativa neocolonial. Non se pode esquecer que, na nosa situación, a alianza autonómica significa o pacto de todos contra ninguén, ou sí, mellor dito, contra alguén: contra o Movemento Nacional-Popular Galego.

A alianza da dereita e a esquerda españolistas é o contubernio entre os lacaios ex-feixistas e o sucursalismo esquerdoso. Non entre unha suposta burguesía democrática e a esquerda, frente á reacción. Non existe, pois, base social pra o autonomismo. No fondo, non se discute a colonización do país, sinon que se promocionan proxectos económicos e sociais consistentes na imposición dun formalismo democrático burgués, español, que actuará como neocolonial nun país como o noso.

Cando o españolismo de esquerdas esquece a demagogia momentánea e fai política real, afirma sempre sin rubor que, por exemplo, a preautonomía é a transición cara un estatuto de autonomía **definitivo**, pra o que hai que esperar ao marco constitucional que establezan as Cámaras Parlamentarias do Estado

Español, marco cúa definición queda totalmente ao marxen do noso pobo ou de calquera política centrada en Galicia. Os datos empíricos e a realidade de todos os días demóstranos que os partidos españolistas de esquerdas, con representación parlamentaria, non están nin siquer por que o sistema do Estado Español seña potencialmente federal, pois nunca fixeron unha moción en tal sentido no Parlamento.

Pra todo o esquerdismo españolista o dereito de autodeterminación é un dereito puramente formal cun contido típicamente liberal. Neste dereito contemplárase a posibilidade de que unha nación votara libremente todas as alternativas que se lle ofreceran: a dependencia extrema, a autonomía, o federalismo, a separación total... Que trunfe quen máis votos teña. Isto, naturalmente, en abstracto, como imaxen ideal e pra xustificarse. Desta maneira, non están contra ninguén na teoría, pero na práctica negan o dereito de autodeterminación como dereito real, material, que se desenvolve nun proceso ideolóxico, político e organizativo, cunha traectoria determinada en relación cuns obxetivos moi precisos. É dicir, na práctica ignoran o dereito de autodeterminación do noso pobo. Ben sintomático en quen, nembargantes, é capaz de dicir que a autonomía significa un paso no proceso de autodeterminación. Deste xeito, os pasos precisos e as pautas a seguir pra chegáremos algún día a autodeterminarnos, ocúltanse, xustificándose a política neocolonial como un adianto nun proceso de máis longo alcance, suposta e idealmente. O idealismo esquerdista, "ultrarrevolucionario", purista e democratista, ten representación nun sector ideolóxico e político do noso país que defende o establecemento dunha Asamblea Constituinte e que o pobo vote libremente o que quere. O

realismo e pragmatismo autonomista, como alternativa pra manter o Estado unitario e democrático burgués, ten representación nos grupos hexemónicos da esquerda españolista, que, no seu delirio pro-imperialista, chegan a falar de dereito á autonomía a empregar o concepto de "rexionalidade". O resto da esquerda españolista, en versión seudoleninista e "maoista", non son máis que cans de palleiro da corrente hexemónica. Os extremos galeguistas do españolismo están polo federalismo en abstracto, polo nirvana confusionista do federalismo europeista, co trauma autoxestionario de non quererem prantexar o grave problema do Estado Español e o dereito do pobo galego a ter un Estado propio. En última instancia, todos coinciden no tristeiro espectáculo de promoción e amparo dun réximen preautonómico ao que, en circunstancias ridículas, pónenlle a chata de que non me deixa un lugarciño á súa sombra, do que ningún discute as facultades que conleva, e que, a este paso, foi a mellor operación ucedista-apista, lexitimada, non en van e fundamentalmente, pola grupuscular e numerosísima caterva de siglas cúa práctica política foi sempre a de fortalecer o bendito confusionismo.

O españolismo, sabe que o autonomismo é a arma máis eficaz que se pode empregar hoxe contra o nacionalismo. Convertido en manobra rexionalizante, relativízase incluso o sentido que poidera ter a súa cesión ás nacións oprimidas polo Estado Español. Sirve, ademais, pra desviar a atención das clases populares das rexións subdesenvolvidas de España cara unha mascarada e cortiña de fume que, inda enriba, os reafirme na tesis de que todos somos españois, ou daquela outra de que o problema de España é un problema de rexións probes e ricas e non da loita de clases, das súas formas, e da estrutura unitaria e

colonial do Estado. Matíñese no significado de frases como "Castilla y León por su liberación", no sentido de conceder a autonomía a rexións como La Mancha e Murcia...

As forzas nacional-populares concretan o dereito de autodeterminación da nación galega, neste intre histórico, nas Bases Constitucionais da Nación Galega, e nas Medidas Económicas, Sociáis e Culturáis, ambas as dúas conxunto de medidas mínimas pra que, sin que desapáreza o Estado Español, esteña garantida a soberanía do noso pobo, unhas relacións en plano de igualdade con outras nacións do Estado e, xa que logo, o remate da función colonial que cumplimos dentro del. Representan, pois, unha alternativa de Pacto Federal, basada nos seguintes principios. En primeiro lugar, dereito do pobo galego a autogobernarse, a contar cun Goberno propio. En segundo lugar, establecemento dun proceso constituinte a nivel da nosa nación, sin interferencias de ningunha instancia estatal. En terceiro lugar, respetar o principio da solidariedade internacional, de tal maneira que se respeten os nosos intereses e que nós cedamos naquelo que, sin ser sustancial, poida manter incluso unha unidade formal, ao mesmo tempo que a coordinación no campo económico, político e cultural. Todo o devandito, acompañado dunha política a levar a cabo polo Goberno Galego, que se basaría nos seguintes ouxetivos: a) dominio dos nosos recursos financeiros (Banca Privada, Caixas de Aforro, etc.); b) nacionalización dos medios de produción hoxe en mans dos monopolios e das empresas propiedade do Estado español; c) reforma agraria e pesqueira, utilizando axeitadamente as nosas riquezas no mar e no campo; d) industrialización racional do país; e) planificación axeitada pra cubrir as necesidades da nosa vida social e

cultural: ensino, sanidade, urbanismo, normalización lingüística. Todas estas medidas encamiñadas a millorar as condicións de traballo e de vida das clases populares, e a rematar coa emigración.

Esta é a alternativa do BNPG (Bloque Nacional-Popular Galego) que reúne os requisitos mínimos e realistas, fundamentais e necesarios, pra clarificación política e pra viabilidade dunha Galicia descolonizada. Efectivamente, a alternativa das Bases racha a estrutura unitaria do Estado Español, ten un claro contido de clase antimonopolista, contemplando as Medidas Económicas que as acompañan.

Xa que logo, esta alternativa susténtase na soberanía real do pobo galego, na liberdade real de escoller o seu propio destino, sin deixar de concretizalo nun proiecto defendible hoxe, con realismo revolucionario, e tendo en conta as circunstancias ouxetivas do marco estatal en que nos movemos. Non invalida, cara o futuro, nembargantes, ningún tipo de saída independentista tamén a nivel formal. Significa a plasmación das arelas populares xeneralizadas nunha alternativa política coherente.

A alternativa do MNPG é, pois, unha alternativa anticolonial, basada nos intereses das clases populares galegas fronte á alternativa autonomista, que é unha alternativa neocolonial que beneficia á burguesía monopolista e á burguesía intermediaria galega. A súa defensa e actuación organizada baixo estes presupostos mínimos é a única garantía de non se limitar a facer política testimonial, desfacedora de toda dialéctica política, conciliacionista e colaboracionista co Estado colonial, típica do unitarismo infantil e irresponsable, e da concepción da política como prestidixitación. O MNPG

pensa que a autodeterminación nacional efectiva de Galicia pode chegar, sin a constitución dun Estado independente galego, pero forzosamente respetando a soberanía do noso pobo. Isto é, a autodeterminación nacional de Galicia pode materializarse nun Estado supranacional de tipo federal, que tería que partir, como mínimo, dos presupostos devanditos. O MNPG non desbota a existencia dun Estado independente galego, filosofía de fondo da que temos que partir en principio. Agora ben, non debe esquecerse que a independencia formal tamén pode acochar solucións neocoloniais, polo que o que interesa é o grado de independencia real, de soberanía efectiva que conleva, naturalmente, uns presupostos irrenunciáveis de soberanía institucional. Que Galicia se integre ou non en calquera tipo de Estado supranacional vai estar moi condicionado polo proceso político que se abra no resto das nacións peninsulares. O MNPG estará disposto, si os intereses do noso pobo se respetan, a establecer o tipo de relacións que artellen un Estado supranacional. Nós estamos, pola soberanía, pola independencia nacional, pero non entendida nun senso abstracto, sinón precisada tácticamente en circunstancias de lugar, tempo e política. Compre ter moi presente, como estamos a ver, que a independencia nacional non significa vivir aillados nin a autarquía económica, sinón a soberanía real, institucionalizada, do noso pobo sobre os seus medios de produción, sobre os seus recursos naturais, pra poder acadar unha situación política progresista e unhas relacións internacionais igualitarias.

III.6. Galicia no Estado Español e máis en Europa

A dinámica política nas diversas nacións do Estado Español é diferente. Polo tanto, inda contando as clases populares cun enemigo común, a estratexia e a táctica das revolucións no Estado Español non pode ser a mesma. Chegar á revolución en Galicia non significa emparellar o contido, o proceso e os oxetivos co resto do Estado. Nós non estamos pola separación mecánica da Revolución Galega respecto da revolución no resto do Estado, inda que pensamos que poden chegar a acontecer cambeos en nacións, hoxe integradas no Estado Español, sin que forzosamente teñan que producirse en todas. Somos conscentes de que, pra que haxa un cambeo revolucionario na estrutura socioeconómica de Galicia e na función que cumple no Estado Español, se esixe que non se mire nin se practique a nosa propia realidade en función residual, secundaria, subordinada ou compensatoria. Esta é a única maneira e a única garantía de que unha revolución a nivel do Estado Español se vexa na obriga de atender e respetar as reivindicacións nacional-populares galegas. A práctica, claramente reformista e unitarista, da esquerda

españolista, hoxe na oposición, vaise agudizar con ésta no poder. O problema, en todo caso, está sempre en que, en Galicia, haxa unha forza popular organizada, cónscnte dos ouxetivos que persigue e disposta a xogar as tácticas máis oportunas e as alianzas necesarias pra consecución do fin da función colonial dentro do Estado Español.

Hai, pois, unhas condicións mínimas imprescindibles pra que as forzas anticoloniais admitan unha inserción nunha instancia supranacional a nivel do Estado Español. Estas condicións son a ruptura do Estado unitario e, consecuentemente, o establecemento de rexímenes progresistas nas diversas nacións que o integran. É unha evidencia que, na actual situación, non se dan as mellores condicións, nin siquer potenciáis, pra este tipo de alianzas xeneralizadas. O MNPG é silenciado, ridiculizado e ignorado pola esquerda española e españolista, que fai política unitarista e proimperialista, e propugna o mero reformismo social. A súa postura, ben recente, diante do problema canario é toda unha evidencia. Inda enriba, participa, entusiasta, da rexionalización, como medida antinacionalista, e colabora activamente cos monopolios á superación das crisis e dificultades do capitalismo español, como amosa o recién firmado Pacto de la Moncloa.

O pobo galego, único depositario da soberanía de Galicia, é bulrado e aldraxado, ao tempo que a alternativa solidaria e internacionalista dun pacto entre pobos ceibes en pé de igualdade, é desouvida polas forzas políticas reformistas que máis claman pola unidade e o unitarismo, pra xustificaren a súa práctica antipopular, intervencionista, afogadora e hostilizadora das saídas revolucionarias e anticoloniais.

En definitiva, a consecución de rexímenes nacional-populares, en cada nación do Estado, non está igualmente ao seu alcance, e o proceso político, no seu aspecto máis desestabilizador, vai estar máis nas nacións colonizadas que nas outras. Mesmo o funcionamento da democracia burguesa é xa diferente e con distinto consenso social en cada unha delas. A violentación e represión da vida política, xenerada en cada nación do Estado, tampouco é a mesma. Nós, neste intre, pensamos que a tarefa imediata é a hirmãndade con todos os movementos nacional-populares da península, a coordinación das nosas loitas e a axuda mutua e fraternal, pero, en definitiva, a Revolución Galega é a mellor contribución que podemos facer aos demais pobos do Estado Español. A nosa posición diante de Portugal sempre estará marcada polo feito de ser a nosa continuidade xeográfica, a nosa continuidade cultural e lingüística, e a nosa posibilidade imediata de agrandar os intercambios económicos. Políticamente, un Portugal integrado nunha alternativa de nacións ibéricas confederadas sería sempre unha garantía contra a política españolizante en todos os campos da vida.

Nós estamos en contra da integración no Mercado Común, xa que aumentaría a nosa dependencia e, por tanto, reforzaría a función colonial de Galicia. O Mercado Común é un produto dos monopolios. Políticamente é, pois, unha alternativa imperialista. Económicamente, vai afortalar o desenvolvemento industrial do cuadrante nordeste da península (incluído Madrid) fronte ao resto. En todo caso, non vai ser Galicia, inda por riba, a que negocie a súa entrada. Frente ao Mercado Común dos monopolios, a única saída é apoiar todas as loitas antiimperialistas en Europa, que conduzan ao socialis-

mo, á liberación das nacións asoballadas e colonizadas, único presuposto que garantirá, no seu día, unha Europa lonxe dos chovinismos e explotación que hoxe exercen os grandes Estados europeos.

Compre proclamar a enemiga cara os bloques militares imperialistas, como a OTAN, e a simpatía pola causa dos pobos en loita pola súa liberación nacional, contra o imperialismo e o colonialismo. Neste senso, todos os pobos do Estado Español e a súa representación política máis xenuina deben estar contra a presenza das bases militares ianquis no seu territorio.